

**MEMORIA FINAL DE CURSO  
CEIP A GÁNDARA DE NARÓN  
CURSO 2019-2020**

Eva M<sup>a</sup> Bouza Rey- DIRECTORA



## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### ÍNDICE

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. LOGRO DE OBXECTIVOS E PROBLEMAS ATOPADOS.....</b> | <b>3</b>  |
| <b>2. XORNADA ESCOLAR .....</b>                         | <b>8</b>  |
| <b>3. MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS.</b>              |           |
| 3.1. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....       | 9         |
| 3.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTAR.....     | 20        |
| 3.3. EQUIPA DE TIC.....                                 | 24        |
| 3.4. EQUIPA DE BIBLIOTECA.....                          | 27        |
| 3.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....                   | 37        |
| 3.6. EQUIPA DE CONVIVENCIA.....                         | 46        |
| 3.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....           | 50        |
| 3.8. EDUCACIÓN INFANTIL .....                           | 51        |
| 3.9. EDUCACIÓN PRIMARIA 1º E 2º NIVEL.....              | 56        |
| 3.10. EDUCACIÓN PRIMARIA 3º E 4º NIVEL .....            | 61        |
| 3.11. EDUCACIÓN PRIMARIA 5º E 6º NIVEL .....            | 64        |
| 3.12. MEMORIA DE PROA (CONTRATO PROGRAMA).....          | 69        |
| 3.13. PLAN DE FORMACIÓN DE PROFESORADO.....             | 69        |
| <b>4. RELACIÓN COAS FAMILIAS.....</b>                   | <b>70</b> |
| <b>5. RESEÑA ECONÓMICA.....</b>                         | <b>71</b> |

# MEMORIA FINAL DE CURSO

---

A presente memoria fixose coa colaboración dos mestres/as de todos os niveis, departamentos e comisións creadas ao efecto. Foi aprobada polo Claustro o día 29 de xuño de 2019 e informado o Consello Escolar o día 30 do mesmo mes.

## 1.- LOGRO DE OBXECTIVOS E PROBLEMAS ATOPADOS.

- **Renovación de recursos audiovisuais :** A finais do primeiro trimestre o colexio mercou oito encerados dixitais para dotar a todas as aulas do centro dese recurso. Nun principio so ían ser catro para completar as aulas de infantil, xa que so había nas aulas de 6º de E.I., pero logo vendo que tiñamos fondos suficientes nese momento decidiuse dotar ás aulas de primaria que estaban sen elas. Agora mesmo, agás unha aula do segundo andar que queda desocupada pola marcha do centro de 6º C, a de música e relixión católica o resto conta con encerado dixital, ordenador do profesor/a, proxector e proxector de opacos, nas aulas de AL non o hai. Renovouse tamén un ordenador da aula de 1º A porque o que había daba problemas e outro púxose novo na sala de profesores. Tamén se cambiou o monitor da aula de PT e de AL, ademais de renovar varias tarxetas wifi.
- **Traballo Cooperativo:** Seguimos traballando de xeito cooperativo, facendo equipos de traballo que varían cando cambiamos de trimestre. Neste curso so puidemos facen dous grupos porque en marzo nos marchamos confinados.
- **Traballo por Proxectos:** O alumnado de E. Infantil e primeiros cursos de primaria levou a cabo diferentes proxectos como o dos dinosauros e a Vida en Exipto, As olímpíadas... Algúns dos proxectos quedaron inacabados por mor da pandemia, como a organización dun mercadillo solidario onde pensabamos recadar fondos para unha ONG da Coruña que traballa con mulleres e nenos desfavorecidos na India. As familias doaron libros e o alumnado comezou a facer flores, xa que pensabamos realizalo ao finalizar o segundo trimestre e as ventas serían de libros e flores, pero antes de que puidésemos levalo a cabo chegou o confinamento polo que os libros e as flores quedaron no centro para outra ocasión.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- **Contratos-Programas:** Participamos na modalidade de Reforza-T. Comezaron as sesións o luns 20 de xaneiro impartidas por unha profesora externa, Fátima M<sup>a</sup> Rúa Yáñez. Dous grupos, un de quinto e outro de sexto de Ed. Primaria.
- **Carga horaria da Dirección do centro:** Este curso a directora dispuxo de máis horario para as labores de dirección xa que puido deixar a titoría da que se fixo cargo a especialista de inglés Silvia M<sup>a</sup> Sabín, aínda que para cadrar os horarios dos tres sextos houbo que facer diferentes encaixes de profesorado. Tamén poido deixar a coordinación da Biblioteca pero sigueu estando no equipo.
- **Aulas masificadas:** A situación do centro fai que as aulas estean completas a vinte e cinco alumnos/as por aula. Cando hai alumnado repetidor incrementase a ratio. Isto fai que se aumente o traballo das titorías e hai menos tempo para a atención individual do alumnado. Ademais o alumnado con necesidades de apoio ten menos tempo de reforzo.  
Isto será un problema se o curso que ven temos que facer grupos de vinte ou manter as distancias de metro e medio entre o alumnado de quinto e sexto xa que o tamaño das aulas e o número de alumnado non permite esas separacións, nin temos espazos suficientes para facer esos desdobres.
- **Obras realizadas polo Concello:** Reparación dos aseos de Ed. Infantil, cambios de tapas e pulsadores de cisternas, aínda que os baños dos nenos necesitarían unha reforma total. Reparación do teito do ximnasio con cambio de pranchas deterioradas e, como se necesitou dun elevador especial para facelo, aproveitouse para cambiar tamén os puntos de luz que estaban fundidos. Pintado das varandas das escaleiras interiores. Teñen previsto pintar as zonas do colextio que aínda non están pintadas durante o mes de xullo. Tamén colocaron unha xanela na porta de conserxería para que a conserxe poida controlar mellor os accesos ao centro.
- **Relacións con outras institucións:** O colextio colaborou e participou en diferentes actividades promovidas por outras institucións, principalmente en actividades programadas polo Concello desde o Equipo de Educación Vial. Participamos nunha saída ciclista no mes de novembro e a saída programada contra a violencia de xénero quedou cambiada por unha actuación no Pazo da Cultura xa que a marcha ciclista suspendeuse por culpa da chuvia. Tiñamos

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

previsto participar na segunda Olimpíada de Educación Vial organizada pola policía local, incluso colaborou con nós a asociación “Pulpeiros” para preparar aos nenos e nenas que ían participar na proba das bicicletas que sumaba puntos para as olimpíadas, todo quedou paralizado polo confinamento. Tamén estabamos preparando a participación oral e con murais para o festival INTERCENTROS e estabamos apuntados en Teatro con G das Equipas de Normalización Lingüística, todo quedou suspendido pola pandemia. Recibimos unha clase práctica de primeiros auxilios e reanimación cardio-pulmonar a cargo dunha asociación de enfermeiros da Coruña na que participou todo o alumnado desde 3º ata 6º de Ed. Primaria. Participamos no percorrido dun tramo do “Camiño de Santiago” que pasa polo concello co alumnado de 4º e 5º de E. Primaria no primeiro trimestre, esta actividade estaba programada desde o Concello de Narón. Tamén recibimos unha charla da Policía Nacional sobre os perigos de internet e para prevenir o “bullying” para o alumnado de 5º e 6º de E. Primaria. A axencia tributaria tamén deu unha charla ao alumnado de sexto de Ed. Primaria para explicarles que se fai cos nosos impostos. A Asociación contra o cancro impartiu en 3º e 4º unha charla e un taller sobre “As nenas e a ciencia”, onde aprenderon a mirar o ADN, actividade que lles gustou moito. O alumnado de 5º B participaba nunha actividade promovida desde o concello sobre a cidade dos nenos baseada no proxecto Tonucci, que quedou inacabada polo confinamento.

- **Alumnado:** Como xa se comentou con anterioridade o colexió está masificado xa que a maioría das aulas teñen vinte e cinco alumnos/as. Comezamos o curso con dúas aulas de 4º Ed. Infantil con 51 nenos e nenas. Un aula tiña 25 e a outra 26 por agrupamento familiar de dous xemelgos, xa que un obtivera praza e o outro non. No mes de decembro deuse de baixa unha nena desa clase por traslado da súa nai, quedando as dúas aulas con 25 cada unha. En 5º de Ed. Infantil comezaron as dúas aulas con vinte e catro alumnos/as pero cada unha delas perdeu un dos seus alumnos porque unha nena non apareceu por traslado a Romanía e deuse de baixa o 27 de xaneiro e outro neno deuse de baixa o 21 de febreiro por traslado a Perú, quedando as dúas aulas con vinte e tres alumnos/as cada unha. En 6º de Ed. Infantil comezaron as dúas aulas con vinte e cinco pero unha delas dou de baixa a un dos seus alumnos

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

en xaneiro por non presentarse en todo o trimestre xa que se marchara para Romanía.

Os dous primeiros de primaria tamén estaban completos un con vinte e cinco e outro con vinte e seis porque tiña un alumno repetidor. Nos segundos comenzaron un con vinte e cinco e outro con vinte e catro que se completou a vinte e cinco coa incorporación dunha nova alumna a mediados de setembro. Os terceiros estaban completos ánda que un tiña vinte e catro e outro vinte e seis alumnos/as. Os cuartos tamén estaban a vinte e cinco nunha aula e vinte e catro na outra. Os quintos estaban completos con vinte e cinco en cada un. Neste curso se reorganizaron as dúas aulas de quinto mesturando a todo o alumnado que pasou de cuarto e dividindo novamente as dúas aulas por razóns de tipo pedagóxico. Tiñamos tres sextos con 23, 22 e 22 alumnos/as respectivamente. En sexto A incorporouse a principios de curso unha alumna, filla dunha das profesoras do centro que xa estivera anteriormente pero que marchou por traslado a Australia e que regresou neste curso obtendo a súa nai unha praza provisional no centro.

En total tivemos 145 alumnos/as de Ed. Infantil e 317 alumnos/as de Ed. Primaria. Un total de 462 alumnos/as entre infantil e primaria.

- **Solicitude da participación no programa E-Dixgal:** Pouco antes do confinamento recibimos unha charla do Asesor Abalar da zona animándonos a participar no programa e-dixgal. Xa tiñamos decidido facer a solicitude cando recibimos a orde de confinamento. Desde o confinamento nas nosas casas fixemos un claustro e consello escolar por vía do correo electrónico para realizar a votación necesaria para solicitar o proxecto. Cando se reabriu o prazo da solicitude presentamos o proxecto e resultamos seleccionados. O vindeiro curso 20-21 seremos centro e-Dixgal en quinto de Primaria, polo que non teremos libros de texto en papel e contaremos cun ordenador para cada alumno/a.
- **Covid-19.** O mércores 11 de marzo, eu como directora asistín a unha reunión convocada pola Conselleira de Educación e o Xefe Territorial no Instituto de Someso na Coruña. Esa reunión en principio estaba prevista para o día 18 de marzo pero foi adiantada. Alí nos dixerón a todos os directores e directoras que asistimos que tranquilizáramos aos claustros a aos pais sobre o problema do

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

covid-19. Que informaramos que había que fazer un lavado de mans varias veces con auga e xabón, que os xeles hidroalcohólicos non eran precisos. O xoves transmitín esta información ao claustro e aos pais que preguntaban pola situación. Cal sería a miña sorpresa cando ese mesmo xoves 12 de marzo pouco despois de entrar do recreo sae o presidente da Xunta na televisión dando unha rolda de prensa dicindo que se pechaban os colexios a partir do venres 13, e que ese venres xa non era obrigatorio asistir ás clases por parte do alumnado. Os teléfonos comenzaron a soar con pais preguntando como estaba a situación e sen ningunha información oficial que transmitir máis que a que estaban dando na televisión. O venres 13 veu moi pouco alumnado e o profesorado estaba moi nervioso porque a información que tiñamos era que todo o profesorado tiña que acudir ao centro. Logo a orde cambiou e era so o equipo directivo o que tiña que acudir, logo volveu a cambiar e xa podiamos facer quendas entre os membros do equipo directivo, e así foron chegando as informacións unhas contradicindo as anteriores. Nun primeiro momento a xente pensou que o peche dos centros era por quince días e que logo volveríamos á normalidade, de feito quedou case todo no colexio, libros, cadernos, material de traballo... Pero a situación foise complicando e o resultado foi o peche total dos centros e a suspensión de todas as actividades lectivas presenciais polo que restaba de curso. Ao principio non había que poñer notas na segunda avaliación, logo chegou a orde de avaliar polo traballo desenvolvido ata o trece de marzo. Houbo que pasar nun momento das clases presenciais as clases na distancia sen preparación previa e cada un de nós contando cos medios que cada un tiña nas súas casas. E comenzaron as queixas, as peticións de ordenadores, o querer recuperar os libros e cadernos que quedaran nos colexios. O concello puxo en marcha un sistema de axudas para as familias que non contaban con medios tecnolóxicos facilitándolle as tarefas que poñían os profesores por medio de fotocopias que repartían os voluntarios de Protección civil ou que os pais tiñan que recoller no concello. O profesorado fixo un curso por videoconferencia para aprender a usar as ferramentas como webex ou a aula virtual. E fomos pasando polas diferentes fases. Intentamos contactar con todas as familias e procuramos que ninguén quedase descolgado do traballo escolar. Sabemos das dificultades que houbo en moitos fogares, os que recibían as tarefas a través do móvil, os que tiñan que

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

compartir ordenador diferentes membros da familia, os pais que tiñan que teletraballar e atender aos nenos e nenas, os que tiñan que seguir traballando porque eran sanitarios, policías ou persoal considerado esencial e que non sabían como facer cos nenos e nenas que estaban na casa, os que se quedaron sen traballo e estaban preocupados de como manter as familias, os que tiveron que renunciar ao traballo para poder coidar dos fillos e os que se desconectaron totalmente do traballo escolar... Recibimos críticas e ánimos ao mesmo tempo. Familias que non estaban contentas de cómo se estaba facendo o traballo na distancia e familias que nos daban as grazas polo que estabamos a facer e polo traballo que poñíamos para os nenos e nenas... Sabemos que todos tivemos dificultades e intentamos coa nosa mellor vontade superalas e facer en cada momento o que pensamos que era mellor para o noso alumnado, unhas veces acertamos e outras erramos. Esperamos que esta situación non se volva a repetir e que si se da podamos afrontala mellor que ata agora.

Con motivo do confinamento e a suspensión presencial das clases tivemos que reformar as programacións de todos os cursos e materias. O motivo é deixar constancia do que quedou sen dar para retomar esos contidos e estándares de aprendizaxe no curso vindeiro. Durante o confinamento repasouse o que xa estaba explicado das clases presenciais e so nos tres grupos de sexto seguimos avanzando materia porque deixan o colexiio para empezar unha nova etapa.

### 2- XORNADA ESCOLAR.

No horario da xornada escolar seguiuse o programado na programación xeral. O horario quedou da seguinte maneira:

1<sup>a</sup> sesión : 9:00 a 9:50

2<sup>a</sup> sesión: 9:50 a 10:40

3<sup>a</sup> sesión: 10:40 a 11:30

Recreo: 11:30 a 12:00

Tempo de lectura: 12:00 a 12:20/ Titoría.

4<sup>a</sup> sesión: 12:20 a 13:10

5<sup>a</sup> sesión: 13:10 a 14:00

# MEMORIA FINAL DE CURSO

O tempo de lectura foi impartido polos/as titores correspondentes en cada curso, quedando os especialistas para fazer substitucións no caso que faltase o/a titor/a, e facían apoios de lectura nas aulas que o precisaban.

## 3- MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS.

### 3.1- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

#### INTRODUCIÓN

Dende o principio de curso a equipa de normalización en colaboración conxunta co resto das equipas e moi estreitamente coa equipa de actividades extraescolares e complementarias promoveu o uso da lingua galega tanto a nivel oral como escrita.

Entendendo que o uso da lingua galega é o motor e guía dos nosos costumes e nas festas tradicionais do Magosto, Samaín, “Día do peón”, Nadal e Entroido, festas tradicionais, o profesorado que forma parte de normalización lingüística decidiu fazer as reunións de coordinación (as feitas ata o 16 de Marzo) xunto ao equipa de extraescolares e complementarias.

Participamos e todas elas programáronse de maneira conxunta. Do mesmo xeito, tamén participa noutras conmemoracións como no “día da paz” .

Por outra banda, lévanse a cabo as actividades anuais que son programadas propia e exclusivamente dende a equipa de normalización ano tras ano ( Calendario e postal de felicitación de Nadal)

Paso agora a facer o resumen das actividades levadas a cabo dende o inicio de curso e aporto as imaxes apoiando a explicación.

#### CELEBRACIÓN DAS FESTAS TRADICIONAIS

##### MAGOSTO

Nesta celebración participou todo o alumnado do centro.

Empregando materiais fotocopiables, recursos da biblioteca, na semana da súa celebración os



## MEMORIA FINAL DE CURSO

alumnos fixeron manualidades, xogos de trabalinguas, adiviñas sobre o Magosto e culmina coa degustación de castañas asadas .

Para asar as castañas ofrecéronse voluntarios pais e nais da AMPA e algúns profesor, cando estiveron asadas repartíronse entre os cursos de infantil e de primaria que se colocaron no vestíbulo do colexio e os nenos/as de primaria o fixeron no patio cuberto da entrada principal.



### CONMEMORACIÓN DO DÍA DO PEÓN

Esta actividade foi moi sinxela e moi divertida para todos/as. Primeiro aprenderon esta habilidade nas clases de Ed. Física uns días previos á conmemoración. O día da celebración os nenos/as maiores pasaban facendo demostracións de como bailar o peón polas clases de infantil.



Empregouse un tempo corto, despois do recreo, o mesmo día da celebración.



## MEMORIA FINAL DE CURSO

### SAMAÍN

Participou todo o alumnado do centro.

Nesta semana houbo moitas actividades dedicadas ao Samaín, dótase aos profesores de recursos e material fotocopiable e se promoven outras actividades nas que o alumnado participa con moito interese tales como

- Corredor do medo
- Concurso de cabazas e mazarocas.
- Adorno de clases e corredores co motivos de Samaín: Cabazas, mazarocas, arañas , bruxas ...
- Exposición de contos de medo na Biblioteca



### NADAL

Celebrouse con éxito o **festival de Nadal** no Pazo da Cultura.

Actuaron algúns cursos do colexio, coa idea de que o resto actuara no festival das Letras Galegas ( que non houbo por mor do confinamento).

## MEMORIA FINAL DE CURSO

No festival fixose a entrega de diplomas aos nenos/as e grupos que gañaran o premio de Cabazas e mazarocas.

Tamén os nenos/as de 4º A fixeron unha obra de teatro cun tema do Nadal adaptada á lingua galega que representaron no festival, ademais representárona no ximnasio para os nenos de 3 anos.

6º A actuou cunha obra de teatro titulada “Pablo e Ruth” orixinal e escrita pola orientadora do centro en “lingua galega”.

Outra das actividades encamiñadas á promoción da lingua galega foi a **visita do Apalpador** ás clases de Infantil e 1º e 2º de Primaria. Foi un éxito e gustoules moito porque contou dunha maneira moi natural a súa historia aos nenos/as.

Para esta época do ano tamén se promove pola equipa de dinamización lingüística a **elaboración dunha postal de felicitación de Nadal** ao resto das familias. O seleccionado foi un alumno da clase de 4ºB.

E a selección dun **debuxo para o calendario 2020** que se elixiu sobre todos os presentados. O seleccionado foi un debuxo entregado pola clase de 2º A (fixérono en común entre todos eles/as)



## MEMORIA FINAL DE CURSO

Postal seleccionada para felicitar ás familias o Nadal



Debuxo seleccionado para o calendario 2020

### DÍA DA PAZ

Participou todo o alumnado do centro .

Despois do recreo xuntámonos no vestíbulo para celebrar este día. Fíxose un baile e cantáronse as cancións que a profesora de Música preparou para ese día e que traballara nas clases uns días antes da celebración, ademais, ao final léronse uns manifestos en lingua galega que prepararon polas clases ao tempo que os nenos/as más maiores repasaban a silueta dunha pomba no medio dun "collage" de arcos da vella.

Nesa semana traballouse polas clases o tema de la paz, con contos, preparación dos manifestos, murais preparando o fondo en cores para o panel expositor da pomba.

Foi un acto moi emotivo, pois Purificación Pernas, a profesora de música, xubilábase ao día seguinte e foi o seu derradeiro día de clase.



## MEMORIA FINAL DE CURSO



### ENTROIDO

Todos os nenos/as do colexio participaron nesta tradicional festa.

A equipa solicitou nas clases receitas de comidas e sobremesas típicas desta época do ano e fixose unha exposición con todas as que se recibiron nun mural no vestíbulo do colexio e tamén na Biblioteca do Centro. As aulas de tres anos adornaron o seu corredor de obxectos típicos de Entroido.

Tamén os mandatos do Meco foron en lingua galega e, todos os días da semana previa á celebración do Entroido, o alumnado de 6º foi o encargado de difundilos polas diferentes aulas. Este ano o tema común para todos foron as “Olimpíadas”.

O venres 21 de febreiro o alumnado fixo un desfile polo patio do colexio disfrazado cada quen co que quixo relacionado co tema proposto e a continuación no vestíbulo do centro celebrouse unha divertida carreira que fixeron algúns profesores. Rematamos a festa coa queima do Meco.



## MEMORIA FINAL DE CURSO



### COÑECEMENTO DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL E SOCIAL

A través das actividades expostas ata agora faise o coñecemento da nosa lingua pero tamén tíñamos outras específicas para o dar a coñecer e promocionar o noso patrimonio e outras que foron xurdindo ao longo do ano.

### CARRIÑO VIAXEIRO E CONTACONTOS

Estas actividades estaban programadas para o mes de abril coincidindo co día de libro. Ao estar en confinamento, son os titores os que divulgan e dan a coñecer ao seu alumnado esta conmemoración a través dos medios telemáticos. Ofrecéndollestítulos e bibliografía de libros na lingua galega , tamén enlaces a webs interesantes con variedade de libros na nosa lingua.

Coincidiu tamén que un alumno de 5ºA escribiu un conto sobre o coronavirus que se divulgou na páxina web do centro co título “Conto sobre coronavirus: un final esperado”

E outros dous contos más que foron escritos pola orientadora do centro para a conmemoración do día do libro co título “Avó, por qué se celebra o día do libro? e para a conmemoración do día das letras galegas co título “ Avó, por qué nós falamos galego?

## MEMORIA FINAL DE CURSO

Polo día do libro estaba programada a visita de Antón Moure ao colexio. Este autor en lingua galega contounos unha historia moi bonita que subímos á paxina web do colexio para que todos/as os alumnos puideran escoitala e vela.



ANXO MOURE

### VISITA DUN AUTOR OU AUTORA EN LINGUA GALEGA

Entre o primeiro trimestre e parte do segundo trimestre tivemos a sorte de recibir a visita de varios autores en lingua galega:

**Pere Torabuela** como autor dunha novela que leran os nenos/as de 4º de Primaria titulada “Formigas: misión, Camiño de Santiago”

**Rosa Aneiros** como autora dunha novela que leran os nenos/as de 5º de Primaria titulada “Xelís, o guieiro das botellas de mar”

Ademais, dentro do primeiro trimestre o concello obsequiou aos alumnos/as de 3º ata 6º co libro **ACUARIO** escrito por María Canosa . Procedeuuse á entrega do libro no ximnasio do colexio.

Os nenos de infantil, na visita ao teatro que o concello ofrece aos colexios, viron unha adaptación desta mesma historia “ACUARIO” no teatro

PERE TOBARUELA



ROSA ANEIROS



## MEMORIA FINAL DE CURSO



### INTERCENTROS

Esta actividade foi cancelada pola decisión unánime de todos los coordinadores das equipas de normalización lingüística dos centros participantes de Narón.

Porén as aulas xa estaban preparando a súa participación, polo que se mercaron os soportes en cartóns pluma para todas elas quedando o traballo a medias para o ano que vén.

O centro organizador do certame no vindeiro 2021 será o mesmo que foi designado no 2020.

### LETRAS GALEGAS

O autor homenaxeado este ano foi **Ricardo Carvalho Calero**.

A través da páxina web a maioría dos titulares programaron nesa semana das Letras Galegas actividades destinadas a coñecer o autor e a súa obra.

Coa mesma fin o Día das Letras Galegas subiuse unha dedicatoria a este autor e indicouse como podían facer os alumnos que quixeran coñecer máis aspectos del.



## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### **COMPRA DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRÁFICO, AUDIOVISUAL e INFORMÁTICO**

Mercouse un lote de cinco libros sobre a vida e obra de Ricardo Carvalho Calero que entra a engrosar o fondo da nosa Biblioteca.

Mércanse os cartóns pluma para cada unha das clases para a participación do certame de Intercentros 2020.

### **USO DAS TICS**

Utilízanse dende o principio de curso para a búsqueda de contos, lendas , xogos e pasatempos que complementan todos os temas tratados: Magosto, Samaín, Entroido...

Moitas das actividades programadas para o terceiro trimestre foron solucionadas co uso das tics. Os/as alumnos/as tiveron que fazer actividades encamiñadas ás letras galegas propostas polos titores.

Hai enlaces na páxina web do colexio no apartado de normalización lingüística.

### **AVALIACIÓN**

As actividades levadas a cabo pola equipa de dinamización lingüística neste curso 2019-2020 foron as programadas ata o día 16 de marzo (día do comezo do confinamento) e a partir dese momento as actividades desta equipa sofren modificacións na maneira de levarse a cabo.

Trátase de cumplir coa programación das mesmas pero adaptándoas á vía telemática. Aínda así tamén houbo algunha que non se poido facer pola peculiaridade en si mesma da actividade.

É o caso da participación en **Intercentros** programada para o mes de maio que se cancelou pola decisión unánime de todos/as os/as coordinadores/as dos centros participantes de Narón porque estábamos en estado de alarma.

Do mesmo xeito o **Festival das letras galegas** programado para o final de Maio foi tamén suspendido.

No caso da **Revista Alfar** número XXXI decidiuse cancelar este ano por decisión conxunta do profesorado. O profesorado manifestou que perdía a súa finalidade que

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

era a participación masiva de todos/as os/as alumnos/as do centro. Non parecería moi xusto pola parte do profesorado ter que seleccionar traballos individuais pois como norma xeral a revista Alfar contén traballos feitos en grupo e isto pola vía telemática non era doado de facer.


O resto das actividades programadas para o terceiro trimestre adaptáronse á vía telemática, é o caso do "Día do libro" na que os titores programaron actividades en relación a ese días e os/as nenos/as puideron traballar os contidos.

Outra das consecuencias directas do confinamento é que para o ano 2020 canceláronse todos os proxectos presentados de normalización lingüística e deixasen sen ningunha dotación económica os proxectos presentados. Iso ten unha repercusión no presupuesto do colexio para o ano 2020 xa que tódalas actividades feitas no primeiro trimestre do curso deberán ser assumidas polo presupuesto xeral. Única e exclusivamente son cubertas as actividades feitas no segundo trimestre presentando as facturas correspondentes ao gasto feito. A mesa de normalización advirte que para o ano valería presentar o mesmo proxecto con pequenas modificacións aínda que noso caso habería tamén que facer de novo a enquisa ás familias para saber o marco sociolingüístico no que está o Centro. As últimas fixéronse en 2013 e teñen 6 anos de validez.

A equipa agradece a todo o profesorado, ás familias, a todo o alumnado, así coma aos autores que nos visitaron e ao concello o seu labor, que facilitou levar a cabo os obxectivos planeados, pois a pesar de tódalas dificultades atopadas no curso, tanto no período presencial e máis no confinamento pódese dicir que se levaron a cabo en maior ou menor medida.

Narón 29 de xuño de 2020

A directora



Eva Mª Bouza Rey

A coordinadora



Elena Beatriz González Melchor

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### 3.2- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

#### I. INTRODUCCIÓN

A presente memoria ten como finalidade recoller e analizar as actividades que o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias deste centro organizou e desenvolveu ao longo deste curso 2019-20.

Ademais das inicialmente contempladas na Programación Xeral Anual, ao longo do curso apareceron ofertas de actividades que, polo interese educativo que presentaban, incorporáronse as actividades xa previstas.

A continuación exponse un resumo das actividades, conmemoracións ou festividades que foron desenvolvidas durante o presente curso académico:

#### II. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ORGANIZADAS POLO PROPIO CENTRO EN HORARIO LECTIVO

##### 1. CONMEMORACIÓNES:

- Samaín

Data de celebración: dende o luns 28 ata o mércores, 30 de outubro.

Actividades realizadas:

- **Exposición-concurso de cabazas e mazarocas :** organizouse entre os días 28 e 30 de outubro na entrada do colexio. Foron feitas polos nenos/as nas aulas, nesta actividade participaron algúns alumnos de primaria. Os alumnos de educación Infantil e de primaria que o desexaron trouxeron as mazarocas e as cabazas decoradas da casa.
- **Visita ao labirinto do terror:** no corredor da ludoteca realizouse a actividade do “Labirinto do terror”, na que todos/as os alumnos/as de centro dende E.I ata 6º de Primaria ían realizar actividades relacionadas con esta temática (adaptadas por niveis). Tamén se realizou dende o 28 ao 30 de outubro.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

Na biblioteca houbo as sesións de contacontos de terror cun ambiente decorado e con música tétrica.

Tamén se decoraron aulas e corredores.

### **Magosto**

*Data de celebración:* Mércores, 30 de outubro.

#### *Actividades realizadas:*

- **Confección de murais e decoración** dos expositores con motivos do magosto.
- **Degustación de castañas asadas:** celebrouse o magosto no patio do colexio. A duración da degustación de castañas foi de 11:30 a 12:30 horas. A ANPA aportou o zume e asou as castañas.

### **Nadal:**

- **Os alumnos/as de relixión confeccionaron un belén.**
- **Adornáronse as portas das aulas para o Nadal.**
- **Polos corredores se colgaron murais** con motivos de Nadal.
- **Visita de Papá Noel e o Apalpador** polas aulas: o venres 20, os/as nenos/as entregaron as cartas a Papá Noel e o Apalpador e a cambio estes déronles unhas chuches. Estas visitas estiveron organizadas pola ANPA.
- **Decoración de Nadal:** Cada clase escolleu un adorno diferente para montar móbiles e colgalos das varandas no lugar de montar a árbore de Nadal.
- 18 de decembro celebrouse o **Festival de Nadal**.

### **Día da Paz:**

*Data de celebración:* Xoves, 30 de xaneiro.

#### *Actividades propostas:*

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- **Construíuse un gran mosaico de cores**, cada clase fixo un e todos xuntos se colocaron no taboleiro do vestíbulo. O día 30 de xaneiro realizouse o acto que consistiu en debuxar unha pomba sobre o gran mosaico. Mientras que un representante de cada curso lía unha frase ou manifesto da paz.
- **Canción da paz**: Todo o alumnado cantou a canción dentro do colexio.

### Entroido

Data de celebración: desde o luns 17 ata o venres 21 de febreiro.

Actividades realizadas:

- **Mandatos do Meco**: Este curso celebramos a semana do Entroido no que cada día os nenos/as traían unha peza de roupa, que se lle sumaba a do día anterior ata chegar ao xoves, que completaban un disfraz relacionado cos xogos olímpicos.
- **Decoración do vestíbulo e corredores do colexio**.
- **Festa do Entroido**: o venres 21 celebramos o Entroido cun desfile de disfraces polo patio do colexio. A continuación, a degustación de larpeiradas típicas destas datas nas aulas. E posteriormente a queima do meco. O meco foi confeccionado polo ANPA.

## 2. FESTIVAIS

- Festival de Nadal

Data de celebración: mércores de decembro de 2019

Actividades organizadas:

- Festival de Nadal: levouse a cabo no Pazo da Cultura coa asistencia dos pais/nais.

Debido á situación excepcional que vivimos este curso a consecuencia do coronavirus non se puideron realizar o resto de actividades que estaban propostas na programación.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### III. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: VISITAS, EXCURSIÓNS E SAÍDAS

Por outra banda, as actividades complementarias ou saídas que se levaron a cabo foron organizadas polos distintos ciclos en función das súas preferencias ou da relación que tiveran cos contidos educativos a tratar nese momento (ditas saídas aparecen reflectidas en cada unha das memorias dos ciclos).

Debido á situación excepcional que vivimos este curso a consecuencia do coronavirus non se puideron realizar o resto de saídas didácticas que estaban propostas na programación.

### IV PROPOSTAS DE MELLORA

A ter en conta:

- Comunicar con antelación ao Pazo de Cultura o día que se vai levar o material necesario.
- Tratar de non ocupar a primeira fila de butacas con alumnos/as de 3 e 4 anos.
- É necesario ter máis persoal dispoñible para axudar nos cambios de actuacións.
- As inclusións de última hora provocan trastornos na organización e desenvolvemento do mesmo.
- Avisar con tempo ás persoas que teñan que aportar material.
- Deberíase saber dende principio de curso que grupos son os que van a actuar en cada festival, para que sexan equitativos en tempo e número de actuacións.
- Programar a festa de fin de curso con diferentes actividades coordinadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares aínda que a ANPA non colabore.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

**Membros do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares no presente curso académico:**

- Fátima Muíños Rodríguez
- Emma Salgueiro Veiga.
- Purificación Pernas García.
- Lucía Vellón Fernández (coordinadora).
- María del Carmen Julías Casás .
- Sandra Gómez Mariño.

O xefe de estudos

Asdo.: Enrique Blanco Guillén

A coordinadora

Asdo: Lucía Vellón Fernández

### 3.3- MEMORIA DO EQUIPO DINAMIZADOR DE TIC.

No curso 2019/20 os membros do equipo foron:

Carlota Pena Freijomil  
Ana Ayala Rodríguez  
Dolores Sagrario González López(Coordinadora).  
José Bernardo Montero Doce .  
Xulio Antonio Prieto Bermúdez  
María Belén Bellón Navarro

Houbo menos reunións que en cursos anteriores, xa que este ano coincidiu coa suspensión das clases a partir de marzo a causa da Covid-19 pero as persoas do equipo estiveron máis involucradas a nivel individual en traballos con TIC.

En canto á consecución dos obxectivos marcados, vemos que:

1. Conseguido o obxectivo do manexo por parte do profesorado das dúas fotocopiadoras novas.
2. Aínda que se sumou algúm profesor máis a dar clase na Aula de Informática, esta segue estando infrautilizada e quedan horas en que está libre.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

3. Non se ampliou a Bibliografía sobre TIC da Biblioteca. Detectouse un baixo uso deste tipo de libros; así é que, probablemente, busquemos no futuro mercar materiais en soporte dixital (vídeos, música, xogos...) en lugar de buscar o dixital como temática finalista.
4. Todas as aulas foron dotadas de pantalla dixital excepto a aula de Relixión, Música e unha de AL.
5. Continuaron a xestionar a WEB do Colexio (as profesoras Ana Ayala e Dolores González, integrantes do Equipo de TIC foron as encargadas de renovar contidos: menús do comedor, vídeos e fotos de festividades e excursións ...).
6. Conseguindo que o profesorado do centro se anime a meter traballos dos nenos na páxina web do colexio, dadas as circunstancias que nos tocou vivir, todo o profesorado foi quen de subir tarefas para o seu alumnado na páxina web do centro.
7. Fixéronse varios cursos de formación das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Os cursos son os seguintes:
  - 1) Dinamización da páxina web, cunha duración de 20 horas e 15 participantes.
  - 2) Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes, celebrado en rede dende o 12 de maio de 2020 ata o 26 de maio de 2020 no que participou a maioría do claustro.
  - 3) Iniciación a Robótica, con 18 participantes. Duración do 16 de xaneiro ó 12 de marzo.

Nas primeiras sesión deste curso de iniciación á Robótica estivemos facendo os taboleiros para as nosas aulas, cada un do centro de interese que estaba traballando, ou como nos casos dos Mestres de Educación Infantil, do seu traballo por proxectos.



## MEMORIA FINAL DE CURSO

Nas seguintes sesións estivemos coa montaxe dos Robomokers



8. Educar ó alumnado de 5º e 6º de Primaria no uso de internet coa colaboración da Policía Nacional. E tamén coa colaboración da Policía Nacional tratouse o tema do acoso escolar.

### COMO PROPOSTAS DE MELLORA TEMOS AS SEGUINTES:

- Solicitar ás administracións (Xunta, Deputación ou Concello) estas dotacións: ordenadores para a Sala do Profesorado e para a Biblioteca (de acceso ao alumnado, debido á gran demanda observada).
- A mellora na cobertura de Internet nos puntos cegos que aínda existen no colexio. Ademais sería deseable que as obras necesarias se realicen fora do horario lectivo.
- Continuar, ao marxe de novas iniciativas, con estes aspectos: a formación en Proxectos de Traballo Cooperativo, a xestión da Web do centro, o fomento do uso da aula de Informática, as charlas para o alumnado de 5º e 6º sobre os usos correctos/perigosos de Internet.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

A Coordinadora



Dolores Sagrario González López

Asdo: Dolores Sagrario González López

O Xefe de Estudos



Enrique Blanco Guillén.

Asdo: Enrique Blanco Guillén.

### 3.4. EQUIPA DE BIBLIOTECA .

Durante o presente curso escolar 2019-2020 o equipo de biblioteca estivo formado polas seguintes profesoras :

- Paula Carballo Leira (EI)
- Susana Santalla Fernández (1º ciclo)
- Eva Mª Bouza Rey (3º ciclo)
- Coordinadora: Mª Elena Pérez Fernández (2º ciclo)

### TRABALLO NA BIBLIOTECA

Este curso a encargada da biblioteca foi Mª Elena Pérez Fernández, a que se lle asignaron catro sesións semanais para traballar nela.

O primeiro traballo que se fixo foi dar de alta a novos usuarios, tanto alumnado de primeiro como novo profesorado e actualizar os de todo o colexio.

A coordinadora dedicou a maior parte do tempo á catalogación de fondos do curso anterior e aos novos deste curso, hai que dicir que aínda quedan fondos na biblioteca sen catalogar para o vindeiro curso.

Este ano recibiuse unha partida de 2000 euros para dotar de libros á Biblioteca e mais adiante recibimos outra partida de 500 euros para mercar libros sobre a Igualdade de xénero, con esta dotación mercamos libros con esa temática, para uso do alumnado e tamén para uso do profesorado, esta partida gastouse integralmente.

Na actualidade quedan 1272,30 euros, que debido ao confinamento non se puideron investir .

Gastáronse un total de 1227,7 euros de dotación da Biblioteca durante o primeiro e segundo trimestre.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

A elección dos libros correu a cargo de todo o profesorado que quixo participar e do Equipo da Biblioteca, facendo todos aportacións interesantes.

Tivérонse reunións presenciais e telefónicas coas distintas editoriais que nos surtían do seu fondo bibliográfico, para posteriormente facer unha selección de libros atendendo a diferentes criterios:

Libros en galego e en castelán, para nenos e nenas prelectores, (etiqueta azul, alumnado en infantil, 1º e 2º), para nenos primeiros lectores (etiqueta vermella, para nenos de 3º e 4º), para nenos lectores autónomos (etiqueta verde, para alumnado de 5º e 6º curso), e libros para lectores expertos (etiqueta amarela, para nenos de 6º).



Unha vez atendidas todas as idades, intentamos abarcar todas os apartados, co fin de ter unha biblioteca diversa e equilibrada en canto aos seus fondos bibliográficos (dicionarios, libros informativos, CD, libros de moral e ética, mitoloxía, tempo de lecer, medio ambiente, astronomía, saúde, arte, música, deportes, acoso, bulling, contos para a igualdade, diversidade e inclusión, literatura infantil e xuvenil, etc).

Continuouse coa ampliación de coleccións xa iniciadas en cursos anteriores.

Algúns dos títulos son:

*¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?*

*A familia C*

*Canto te quiero , profe!*

*Crocodilo namorado,*

*El bellodurmiente*

*Las princesas también se tiran pedos*

*Unha parella diferente*

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

*Galicia, nosa ledicia*

*Caderno de fume*

*De paseo con Paulo*

*As pitas baixo a choiva...*

Unha vez seleccionados, mercábanse e procedíase a súa catalogación tendo en conta a CDU (Clasificación Decimal Universal)

Para 5º mercáronse 14 exemplares do libro “*Formigas: misión de Santiago*” de Pere Tobaruela, por petición da titora xa que querían lelo na clase entre todos.

Mercouse tamén a proposta do Equipo de Normalización Lingüística 5 libros para o fondo da biblioteca de Ricardo Carvalho Calero, que se traballarán o próximo curso escolar, xa que este non se pudo por estar confinados.

### **HORARIO DA BIBLIOTECA**

A Biblioteca abría todos os días no recreo, había un horario que o cubrían tres profesores de luns a venres, eran os encargados de recoller as devolucóns de libros e tamén dos empréstitos, así como da reserva do uso dos ordenadores da biblioteca durante o recreo, establecéndose dúas quendas de 15 minutos cada unha en cada un dos dous ordenadores da biblioteca.

Tamén estableceuse un horario para que todos os cursos puideran visitar á biblioteca nunha sesión determinada, elixida pola titora e non coincidir con outros cursos.

### **ACTIVIDADES REALIZADAS NA BIBLIOTECA**

#### **ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN A LECTURA EN EDUCACIÓN INFANTIL NA BIBLIOTECA**

As especialistas de educación infantil fan un uso constante do material da biblioteca.

Buscan os libros coa temática axeitada para desenvolver os seus proxectos na aula, facendo préstamos de libros ao longo do curso.

Tamén collen contos para ler na aula de acordo a temática que sexa de interese.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

Algúns contos que colleron este curso : “A vaca que puxo un ovo”, “Pirata mareado”, “A urna dos desexos”, etc.

Os nenos tamén acoden a biblioteca .

Neste curso foron a biblioteca para celebrar “Halloween”, a biblioteca estaba totalmente decorada coa temática e lemos o conto “*El fantasma blanco*”.

O dia da muller lemos “*Rosa caramelito*”.

Estaba programado un contacontos, Anxo Moure pero debido ao estado de alarma pola covid-19 non se pudo realizar dita actividade áinda que nos enviou un vídeo que colgamos na páxina web.

### **ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA EN 1º E 2º NA BIBLIOTECA**

#### **1º de Primaria:**

- Un día á semana o alumnado acudía á biblioteca escolar para realizar un contacontos intercalando galego e castelán.
- Na hora de lectura o alumnado lía individualmente contos da biblioteca, noutras ocasións compartíamos a mesma lectura de xeito grupal e, tamén, traían os seus contos favoritos e contabámoslos para todo o grupo - clase.
- Coa colaboración dunha mamá bibliotecaria de 1ºB, dispúxose dunha maleta de contos relacionados cos animais (a nosa temática de proxecto); que se foron lendo e compartindo nas sesións de lectura.
- Durante o período non presencial, o alumnado de 1ºA foi realizando a lectura comprensiva do libro BRAMI, MAÏA, DAISAY, KARINE (2017) *El Mundo es mi casa*. Ed. ZahoríBooks

#### **2º de Primaria:**

- Un día á semana o alumnado acudía á biblioteca escolar para realizar un contacontos intercalando galego e castelán. Realizaban unha ficha de lectura onde tiñan que debuxar o resumo do libro e/ou escribilo.
- Lectura grupal dos libros que mercou o alumnado.
  - o 2º A: EL HEMATOCRÍTICO. *Rapunzel con piollos*. Ed. Xerais
  - o 2º B: EL HEMATOCRÍTICO. *Feliz Feroz*. Ed. Xerais
- Contacontos das familias no obradoiro “Cuentaconmigo”
- Actividades do día do libro publicadas na páxina web.

# MEMORIA FINAL DE CURSO

## Para todo o ciclo:

- Actividades do Día do Libro e das Letras Galegas (*As pitas baixo a choiva*) publicadas tanto no apartado de biblioteca como de dinamización.
- Tamén tiñan contratado o contacontos de ANXO MOURE para o 24 de abril pero non puido ser debido as circunstancias; aínda que, mandou un vídeo de ánimo ao alumnado.

## ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA DE 3º E 4º NA BIBLIOTECA

### 3º de primaria:

Durante este curso escolar, o alumnado mercou dous libros en galego, “Poemar o mar” de Antonio García Teijeiro. Era un libro de poesía.

“Desde unha estrela distante” de Agustín Fernández Paz, un libro de narrativa.

Os dous cursos lerón ambos os dous libros.

No terceiro trimestre íamos ler un libro de teatro, pero por culpa do Covid 19 non pudemos lelo e tampouco pudemos facer unha actividade que facemos todos os anos cun escritor/a que viñera a facer unha sesión de animación á biblioteca.

Tiñamos unha sesión á semana para baixar á biblioteca a que leran libremente.

Unha vez lidos , os alumnos e alumnas facían un pequeno resumo ou ilustración.



## MEMORIA FINAL DE CURSO

Tamén fixemos unha escolma de libros da biblioteca para traballar diferentes temas na aula como a igualdade de xénero, emocións e valores, acoso escolar e bulling, pintores/as famosos, mulleres pioneiras..

### **4º de primaria:**

Durante o primeiro trimestre os nenos e nenas de 4º lerón “*Formigas: misión camiño de Santiago*” de Pere Tobaruela

Recibiron unha visita no primeiro trimestre de Pere Tobaruela, autor do libro mencionado anteriormente.

### PERE TOBARUELA CO ALUMNADO DE 4º NA BIBLIOTECA



No segundo trimestre 4º A leu “*Poemar o mar*” de Antonio García Teijeiro.

### **ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA DE 5º E 6º NA BIBLIOTECA**

### **5º de primaria:**

- “*Xelés, o guieiro das botellas de mar*” de Rosa Aneiros.
- “*Hay un chico en el baño de chicas*” de Louis Sachar

### **6º de primaria:**

- “*Hay un chico en el baño de chicas*” de Louis Sachar

## MEMORIA FINAL DE CURSO

- "El diario solidario de Renata" de Ramón García
- "Debaixo dun parasol" de Azucena Arias Correa

Houbo unha sesión de animación á lectura por parte da escritora Rosa Aneiros para 5º. Ademais, a escritora María Canosa fixo unha presentación do seu libro de poemas Acuario para 4º, 5º e 6º convxuntamente e agasallou a cada neno cun exemplar.

ROSA ANEIROS NA  
BIBLIOTECA COS NENOS E  
NENAS DE 5º



### OUTRAS ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA

- **Préstamos de lotes de libros para as aulas:** Cada titor ten un número de usuario de biblioteca, este curso saíron varios lotes de libros para ler nas aulas co carné do titor. Isto permitiu renovar os fondos da biblioteca de aula e poder ter durante máis tempo libros en préstamo. Esta é unha actividade que se vai pouco a pouco consolidando.

Fíxose unha escolma para traballar o día 8 de marzo e repartíronse diferentes libros por todas as clases, co fin de que se traballassen nelas.

Fíxose outra escolma para traballar en 3º as emocións, e o bulling entre outros temas.

- **Exposicións temporais:** Durante o presente curso escolar realizáronse tres exposicións temporais coa seguinte temática:

Traballouse convxuntamente co Equipo de actividades extraescolares, o:

## MEMORIA FINAL DE CURSO

- ✓ **SAMAÍN** preparando e decorando a biblioteca con motivos de terror, e fíxose unha pequena selección e exposición de libros de terror e do Samaín, para todos os cursos co fin de que as titoras interesadas baixasen co seu alumnado a ler estes libros.



Por parte do Equipo de extraescolares, a encargada aportou á biblioteca unha escolma de libros traídos da biblioteca do concello , axeitados a todos os cursos. Preparouse un horario para que todo o colexio poda asistir á biblioteca a facer esa actividade. Traballouse convxuntamente co Equipo de Normalización Lingüística, e se fixo unha exposición cos traballos de todos/as os/as nenos/as do colexio de:

- ✓ **RECEITAS TÍPICAS DE ENTROIDO**

- ✓ **ROSALÍA**

En Febreiro, fíxose tamén unha exposición sobre **Rosalía**, que foi o 24 de febreiro, co fin de dar a coñecer e homenaxear a escritora mais representativa e reivindicativa de Galicia pola súa defensa do pobo galego e da súa lingua.



- ✓ **8 DE MARZO**

Para conmemorar este día na biblioteca escolar seleccionamos una serie de libros que falan sobre as mulleres. Pioneras, investigadoras... Que significa ser Feminista?

## MEMORIA FINAL DE CURSO

Por que o 8 de marzo é o día das mulleres? Descubre na Biblioteca Escolar todo isto e moito máis sobre mulleres que foron abrindo camiño. Agardámosvos.



Todo o colexio, traballou o 8 de marzo, lendo, sobre o tema, facendo traballos, exposicións etc

O Equipo de convivencia traballou conxuntamente co Equipo de biblioteca na selección de libros que tratasen esta temática e repartíronse nas aulas co fin de que se traballasen nelas aportando os diferentes cursos diversos e variados traballos como debuxos, murais que adornaron o centro.



## MEMORIA FINAL DE CURSO

### PENDENTES PARA O CURSO QUE VÉN:

- **Formación de usuarios na Biblioteca Escolar**, tanto para o profesorado como para o alumnado. Aínda hai moitos profesores e alumnos que non saben moverse na biblioteca para atopar a información que precisan.
- **Aumentar fondos bibliográficos e dixitais** para a realización do traballo por Proxectos.
- **Formar a mais profesorado no programa de xestión MEIGA.**
- **Os carriños da lingua:**  
Esta actividade faise todos os anos agás este polo Covid 19.
- **Producións propias:** Catalogamos todos os anos un exemplar da revista escolar O Alfar, este ano foi imposible facelo polo Covid 19.

E PARA REMATAR....

### UNHA PEQUENA HOMENAXE

Dende aquí, é moi necesario facerlle unha pequena homenaxe á mellor contadora e creadora de contos que tivo este colexio durante moitos, moitos anos. Creadora de historias, de obras de teatro, gañadora de premios en moitas ocasións, polas súas representacións teatrais co alumnado deste colexio.

Chámase **MARI CARMEN**, é a nosa orientadora, MESTRA (con maiúsculas), psicóloga, creadora de historias, xogadora de xadrez...

Esta muller fixo unha labor encomiable cos nosos nenos e nenas desenvolvendo neles unha gran paixón por escouitar contos...cando ela entraba na aula, os nenos e as nenas berraban: - un conto, un conto!!!

E ela sen mais dilación comezaba.

As súas historias eran moi variadas e sempre tiñan unha mensaxe positiva, falaban de problemas que ela nos resolvía inmediatamente, abríamos unha



## MEMORIA FINAL DE CURSO

ventá a un conflito e ela a pechaba cunha solución, e áinda que moitas historias non tiñan un final feliz, sempre nos quedamos cun bo sabor de boca porque estaban envoltas dun gran optimismo e dun enfoque esperanzador.

Dende a Biblioteca do teu colexio, Mari Carmen, animámoste a publicar todas esas historias, para que queden na memoria de todos e todas e sempre terás un andel nesta Biblioteca.

Quedámonos, sobre todo, co silencio da aula mentres contabas as túas historias, e as caras de todos e todas tan ensimesmados/as e atrapados/as no relato.

Que máis se pode pedir!

O xefe de estudos

Asdo. Enrique Blanco Guillén

A coordinadora

Asdo. Elena Pérez Fernández

### 3.5- MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020 .

#### 1.COMPOSICIÓN:

Este curso os/as compoñentes do Departamento de Orientación foron as seguintes :

- Silvia Sabín Mesa : Coordinadora do 3º ciclo.
- Belén Casanova Mayo: Coordinadora do 2º ciclo
- Ana Graña Piñeiro: Coordinadora do 1º ciclo
- Dolores Basoa López: Coordinadora de Educación Infantil.
- Xulio Antonio Prieto Bermúdez: Especialista de P.Terapéutica.
- Patricia Vázquez Lojo: Pedagogía Terapéutica.
- Nuria María Pita Fernández: Especialista de AL.
- Alba Sanmartín Miramontes: especialista de AL( compartida) e con centro base neste centro.
- Mª Carmen Ogaza Rojas : Orientadora.

#### 2.- OBXECTIVOS

##### 2.1- Obxectivos xerais referidos ao centro :

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

Traballamos para acadar aos seguintes obxectivos:

- Seguimento do Plan de Atención á Diversidade aprobado en xuño do 2013.
- Colaborar na Planificación e Organización educativa do centro no relacionado co alumnado con necesidades educativas especiais e de apoio educativo.
- Potenciar a cooperación entre o centro e as familias.
- Colaborar cos equipos de dinamización do centro: co equipo de dinamización da Convivencia Escolar, de Normalización Lingüística e Actividades Extraescolares.

### **2.2- Obxectivos xerais referidos ao alumnado :**

Dadas as características especiais deste curso non se puideron acadar parte dos obxectivos que estaban programados. Nos cursos de 5º e 6º de E. Primaria quedaron sen realizar os test globais e, no caso do alumnado que presentara baixos ou moi altos resultados, probas individuais.

Ademais non deu tempo a realizar test individuais a : 2 nenos de E. Infantil, 3 nenos de 1º de E. Primaria, 1 nena de 3º de E. Primaria, 1 nena de 4º de E. Primaria e os sociogramas que se facían en todas as aulas.

Durante todo o curso:

- Identificáronse necesidades do alumnado con n.e.e centrándonos un pouco máis no alumnado que presentaba problemas de atención por ter un novo test "Moxo" que podía axudar no diagnóstico.
- Leváronse á práctica diferentes probas para a detección temperá de necesidades educativas.
- Valorouse ata o estado de alarma o alumnado que presentou dificultades, para deseñar programas de reforzo e sempre que foi posible horario de apoio.
- Reunión coa PT e Orientadora do IES "Terra de Trasancos" para falar do alumnado que se vai incorporar ao instituto.
- Integración do alumnado no seu grupo e prevención do acoso escolar.
- Traballo cooperativo. En moitas aulas realizáronse dinámicas e estruturas de traballo cooperativo e, en varias, tamén se levaron a cabo diferentes proxectos.

### **Seque sendo necesario afondar en:**

- Avaliación por competencias.
- Sesións de titoría semanais en tódalas clases.

## **MEMORIA FINAL DE CURSO**

---

- Desenvolver estratexias de aprendizaxe que favorezan a lectura, ortografía, comprensión lectora e resolución de problemas.
- Traballar na resolución de conflitos, mellorar as habilidades sociais, os aspectos emocionais das persoas e os modelos de comunicación. Debemos intentar traballar más á asertividade en lugar da agresividade ou a inhibición.
- Axudar a mellorar a autoestima do alumnado.
- Técnicas de relaxación que axuden a enfrentarse ao alumnado a distintas situacóns problemáticas.

### **2.3-Obxectivos referidos ao profesorado :**

- Recollemos información nas sesións da avaliación de E.Infantil e Primaria ao longo do curso (de xeito presencial mentres foi posible, e a través de medios informáticos e telefónicamente no estado de alarma) co obxectivo de detectar as necesidades que se presentaban no centro.
- Participamos en varias reunións entre titores, especialistas de PT, de AL, profesorado de apoio e orientadora en todos os grupos ao longo do curso para facer un seguimento do alumnado de apoio. No estado de alarma a coordinación seguiuse facendo por medios telefónicos e/ou informáticos.
- Reunímonos coa especialista que traballa co alumnado de etnia xitana para coordinar actividades.
- Reunións co coordinador e coa persoa que fai o acompañamento nas clases de pola tarde para facer seguimento do alumnado.
- Intentamos colaborar con todo o profesorado na resolución das necesidades que ían formulando e apoiamos a súa actuación na medida do posible, proporcionándolle materiais e estratexias metodolóxicas para favorecer a súa labor docente e de titoría.

### **2.4- Obxectivos referidos ás familias:**

- Mantivéronse contactos periódicos de forma individual coas familias que o solicitaron e noutras ocasións con familias que nos parecía necesario falar con elas, para dirlles información e asesoramento.
- A partir do estado de alarma a comunicación coas familias do alumnado de apoio seguiuse facendo de forma continuada, preferentemente vía telefónica.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- Fomentamos o achegamento das familias ó departamento de Orientación para poder axudar nas dúbidas e problemas que puideran ter con respecto aos seus fillos. Consideramos fundamental seguir traballando neste sentido para mellorar os casos nos que áinda non hai unha boa colaboración.

### **3.-TRABALLO REALIZADO NO C.E.I.P “ A GÁNDARA”:**

#### **3.1-Constitución do departamento :**

Reunímonos a principios de curso para informar a todos os componentes das nosas obrigas como membros do departamento de orientación .

#### **3.2-Elaboración do Plan de Orientación :**

A partires do Plan de Orientación presentado o curso pasado deseñamos o Plan deste curso eliminando o que xa tiñamos conseguido e aumentando o que queríamos traballar neste curso.

#### **3.3-Organización de apoios ó alumnado con necesidades educativas especiais :**

- Elaboración dos horarios de apoio das especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, tendo en conta as necesidades educativas detectadas nos nosos alumnos. Estas necesidades en casos xa estaban detectadas de cursos pasados e noutros casos houbo que facer probas específicas ao longo do curso. Os especialistas de PT ofreceron ao longo do curso apoio a 59 alumnos e as especialistas de AL a 56 alumnos. Todo este alumnado foi valorado e os diagnósticos eran diversos: Discapacidade, Trastorno grave de Conduta, Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento, Trazos do espectro Autista, Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, Déficit cognitivo, Trastorno específico da Linguaxe, Trastorno nas área de Lingua, Trastorno na área de matemáticas, Mutismo selectivo, Dislalias, Disglosia e alumnado que presenta deficiencias polas súas condicións persoais ou de ambiente familiar desfavorecido. De todo o alumnado atendido os/as especialistas de PT e de AL elaboraron un informe para o Departamento de Orientación.

- Este apoio por parte das especialistas de PT/AL foi en moitos casos fóra da aula.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

O motivo era para facer agrupamentos con alumnado de distintas clases, segundo as necesidades que presentaban, ou por ter que traballar aspectos concretos con diferentes metodoloxías e materiais que entorpecerían a labor do profesorado dentro da aula.

Noutras ocasións o apoio realizouse dentro da aula.

- Ademais deste apoio por parte das especialistas de PT/AL, o resto do profesorado facía apoio nas horas de libre disposición. Os titores apoiaban na aula do mesmo nivel e os especialistas nas aulas onde había más necesidades.
- Debido ao elevado número de alumnos/as neste centro e ás necesidades de apoio detectadas non se puideron dar en varios alumnos/as o número de horas de apoio necesarias. Algún/ha alumno/a con necesidades de apoio non se puideron atender porque non había horario suficiente para a súa atención. O centro contou con dous PT, un definitivo e un provisional e dous AL, un definitivo e outro provisional e compartido co centro CEIP A Solaina.

### **3.4-Medidas encamiñade á prevención, detección e resolución de dificultades**

- Presentación dos protocolos de actuación e avaliación elaborados no centro no caso de: Trastorno de conduta, Autismo, Dislexia, Déficit de Atención con/sen Hiperactividade, Trastorno da linguaxe ,Hemiparesia e Altas capacidades.
- Valoración de 34 alumnos ao longo do curso, que presentaban problemas de articulación, por parte das especialistas de A.L respondendo á solicitude das titoras.
- Aplicación do test Bady-G infantil a todo o alumnado de 6º de E. Infantil. Quedaron varias probas sen rematar e non se puideron aplicar probas individuais ao alumnado que presentou baixos resultados.
- Petición ao Equipo de Orientación Específico da Coruña dos especialistas en Trastornos de Conduta, Altas Capacidades e Deficiencias Motoras para que nos ofreceran pautas a seguir con dous alumnos de E. Infantil e 1 de E. Primaria, e para facer o ditame de escolarización dunha alumna que se vai incorporar neste centro. Queda pendente solicitar a intervención do E.O.E no primeiro trimestre do vindeiro curso para colaborar no diagnóstico doutra alumna que se vai incorporar neste centro.
- Aplicación dos Badys ao alumnado de Primaria de 2º. Nos casos que presentaron resultados baixos aplicouse o test Wisc-IV ou DSM-IV a alumnos/as de xeito individual .
- Aplicación do test DST-J a 14 alumnos/as que podían presentar trazos disléxicos.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- Aplicación do test Tale, de xeito individual a todo o alumnado de 2º curso.
- Aplicación de probas de comprensión lectora ao alumnado de 2º curso.
- Aplicación do test “ MOXO”( avaliación do Déficit de Atención e Hiperactividade) a 9 alumnos de E. Primaria.
- Reunións co profesorado implicado para informar dos resultados dos test.
- Información individual a tódolos pais dos alumnos de 6º de E. Infantil e de 2º de E. Primaria porque foron os cursos onde se aplicaron probas globais, (en 6º de E. Infantil quedan 2 probas sen aplicar para o vindeiro curso) para que souberan os resultados dos seus fillos, así como para recibir pautas a traballar para mellorar os resultados cando eran baixos .
- Elaboración de 6 certificacións para solicitar becas ao alumnado con n.e.e.
- Elaboración e revisión de 71 informes psicopedagógicos.
- Colaborar na elaboración de 2 Adaptacións Curriculares.
- Información á Inspección Educativa das novas necesidades educativas do alumnado de cara ao vindeiro curso, tanto de PT , como de AL como de coidadoras.
  - No caso de alumnado con n.e.e as especialistas PT/AL elaboraron distintos materiais: material para traballar coa tablet, adaptación de lecturas , modificación de temas para facelos más visuais, traballo co encerado dixital, fichas diversas, elaboración de contos con pictogramas para traballar na hora de lectura.
  - O alumnado con necesidades educativas especiais que estaba recibindo apoio por parte das especialistas de PT e /ou AL, en varias ocasións fixo os exames en pequeno grupo coas especialistas ou con profesorado de apoio nas horas de libre disposición.
    - A partires do estado de alarma subíronse á páxina web do cole, diversos contos para fomentar o uso do galego.
    - No apartado de orientación as especialistas de PT, AL e Orientadora subiron diferentes materiais: recursos, material de apoio para o alumnado que o estaba a recibir, axuda para as familias, contos, obras de teatro e algo sobre conduta e modificación de conduta.
    - No caso do alumnado que estaba recibindo apoio e que se consideraba que necesitaba material específico envióuselle directamente material seleccionado polos/as especialistas de PT e AL, de forma coordinada cos titores e coa orientadora, a través do correo electrónico ou coa colaboración do Concello de Narón.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### **3.5-Atención ás demandas de orientación que se presentaron :**

- Seguimento do alumnado con necesidades educativas de E.Infantil e Primaria, (como xa expliquei ao inicio, por mor do estado de alarma quedou alumnado sen facer o seguimento).
- Modificación dos horarios do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe ao longo de todo o curso, debido a: novas necesidades detectadas nas avaliacións, melloría dalgúns alumnos, modificacións dos grupos polo seu funcionamento e polas necesidades de apoio de novo alumnado.

### **3.6- Medidas encamiñadas a favorecer o traballo en equipo:**

- Continuouse no centro con aprendizaxe cooperativo en moitas aulas e tamén coa realización de proxectos.
- Co obxectivo de fomentar a boa convivencia, o traballo en equipo, os valores e a expresión oral no alumnado, varias persoas do Departamento ensaiaron : cancións, bailes e unha obra de teatro. Estas actuacións leváronse a cabo no festival de Nadal. A obra de teatro xiraba en torno á violencia de xénero. No momento do estado de alarma estábase ensaiando outra obra sobre o coidado da natureza que se ía representar no festival das Letras Galegas, e que quedou suspendido por mor das circunstancias.
- Coa intención de fomentar no alumnado os valores dentro das aulas e o respecto polas diferenzas contáronse en tódalas aulas varios contos inventados cos seguintes temas :
  - O autismo: Conto de “ Alma”.
  - A dislexia: Conto de “ Miguel e Carme”.
  - Altas capacidades: Pulgarzón.
  - A violencia de xénero: Conto de “ Paulo e Ruht”.
  - Día da muller traballadora: “ Esas mulleres...”
- Formáronse nenos /as de 6º para ser mediadores. Actuaron no primeiro e segundo trimestre. Quedou pendente a formación dos mediadores e mediadoras en 5º curso.
- Tamén se levou a cabo durante os recreos e nalgúnhas sesións da hora de lectura actividade de xadrez con alumnado de 3º e 4º de E. Primaria (non se puido levar a cabo co alumnado de 5º e 6º de E. Primaria que estaba pendente de acudir no terceiro trimestre).

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### **3.7- Formación do profesorado:**

As especialistas de AL, especialistas de PT e Orientadora ao longo do curso participaron en varios destes en cursos:

- Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) cos seguintes títulos:
- Dinamización da páxina web do cole ( 20 horas)
- Gozamos coa robótica ( 30 h).
- Uso das novas ferramentas tecnolóxicas ( 10 h).
- Creación de recursos educativos con LIM ( 40 h).
- Atención á diversidade na aprendizaxe da lectura e da escritura ( 22 h).
- Encontro internacional ERASMUS +( 8 h).
- Curso de lingua estranxeira da Escola Oficial de Idiomas( 120h).
- Programa de mobilidade ERASMUS + “ Xestión de innovación educativa para a prevención do populismo e extremismo radical en Europa celebrada en Cardiff (Reino Unido) na derradeira semana mes xaneiro 2.020.
- Participar no Seminario de Orientadoras e orientadores da comarca de “ Ferrolterra” (40h).
- Educando en valores: “La paz y la igualdad ”(50 h).
- “Bases psicopedagógicas del aprendizaje cooperativo”: “Trabajo en grupo en las aulas( 40 h)”.
- “Atención al alumnado con alteraciones del comportamiento o hiperactivo “( 50 h).

### **4.- PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO :**

- Seguir coa adaptación de exames e medidas axeitadas de avaliación para o alumnado con necesidade de apoio educativo, tendo en conta os protocolos de actuación elaborados.
- Mellorar na avaliación por competencias.
- Seguir levando á práctica o Plan de Atención á Diversidade que se elaborou e mellorar o que se considere necesario.
- Darlle moita importancia ao aspecto emocional do alumnado. Empregar a caixa de suxestións para que todo o profesorado , alumnado ou pais (de xeito anónimo ou non ) poidan manifestar os seus problemas e cousas que se poidan mellorar.
- Afondar nas sesións de tutoría semanais en tódalas clases.
- Traballar para acadar unha boa convivencia no colextio, buscando unha comunicación axeitada entre o profesorado, profesorado-alumnado e profesorado-

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

familias.

- Intentar que todo o profesorado se implique dalgún xeito en tódolos proxectos do centro: Plan de Convivencia, Plan Lector, Tic, Avaliación por competencias.
- Seguir coas reunións ó longo do curso entre especialistas, titores e orientadora de cara ó seguimento do alumnado de apoio.
- Deseñar obxectivos a acadar co alumnado que presenta necesidades específicas para traballar convxuntamente entre titores, especialistas e profesorado de apoio.
- Deseñar adaptacións curriculares para o alumnado que o necesite .
- Aumentar a formación de todo o profesorado en temas como: aprendizaxe cooperativo, a dislexia, intelixencias múltiples, proxectos, modificación de conduta, déficit de atención, avaliación por competencias ... para traballar axeitadamente co alumnado.
- Afondar no emprego das Tics para a atención á diversidade e para mellorar a comunicación entre a comunidade educativa.
- Traballar na mellora das habilidades sociais: formarse en prevención de acoso escolar, disciplina positiva, detección de malos tratos ou abusos.
- É necesario continuar coa relaxación en todas as aulas e a mediación como mellor forma de resolución de problemas, a necesidade de xerar expectativas positivas , a escoita, a empatía, e sobre todo a asertividade na relación cos demais.
- Solicitar máis profesorado de PT e AL para poder atender debidamente ao alumnado de apoio.

O Xefe de Estudos



Asdo: Enrique Blanco Guillén

A Orientadora



Asdo : Mª Carmen Ogaza Rojas

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### 3.6- EQUIPA DE CONVIVENCIA.

#### 1º.- Composición.

- M<sup>a</sup> del Mar Rey Lago (Ed. Infantil).
- Nuria Gutiérrez González (1º ciclo).
- M<sup>a</sup> Dolores Carpente Carpente (2º ciclo e coordinadora)
- Anilda Vidal Sanjurjo (3º ciclo)
- M<sup>a</sup> Carmen Ogaza Rojas (orientadora).

#### 2º.- Traballo desenvolvido.

- Elaboramos e aprobamos o Plan de Convivencia tendo en conta os aspectos que considerabamos necesario mellorar do pasado curso:

1. Estableceuse en cada aula un horario semanal de titoría. Nesa sesión intentouse traballar a partires de libros seleccionados diferentes temas: emocións, trastornos, habilidades sociais.
2. Realizáronse Técnicas de relaxación en varias aulas.
3. Actuaron de mediadores nos recreos o alumnado voluntario de 6º.
4. Entregamos anexos, en cada nivel, elaborados no centro sobre: Dislexia, Autismo, Déficits de Atención, Hiperactividade, Trastornos de conducta, Trastorno da Linguaxe e Hemiparexia.
5. Intentamos facer prevención de “bullying” e de calquera outro tipo de abuso: caixa de suxestións para que ao longo do curso se lle preguntou ao alumnado como se sentían na casa e no cole e por que.
6. Afondouse no traballo Cooperativo na maioría das aulas e fixose algún que outro proxecto.
7. Continúase controlando a limpeza do patio polo alumnado de 1º , 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria.
8. Continuamos traballando nas distintas datas sinaladas ao longo do curso, elaborando paneis para poñer na entrada do colexio:Día da dislexia, a Violencia de xénero, Día Internacional para a Tolerancia, Día da Paz, Día da árbore, Día Muller Traballadora, Autismo, Letras Galegas e Acoso escolar.
9. Continuaremos facéndonos cunha biblioteca de temas interesantes para traballar habilidades sociais e emocións, que serán tratadas en cada aula.

## **MEMORIA FINAL DE CURSO**

---

A partires do momento en que se decretou o Estado de Alarma, moitas das tarefas que tiñamos pensado realizar, non se fixeron pero, aínda así , fomos poñendo documentos relacionados na páxina web, no apartado de Convivencia: instrucións, contos, consellos,... Esperemos que o próximo curso sexa máis doador de traballar sen ningún tipo de problema, sempre que a situación sanitaria nolo permita.

### **3º.- Avaliación do traballo realizado:**

#### **1.- Continuar traballando as emocións e diferentes trastornos a través de contos.**

Seleccionáronse varios contos sobre as emocións. As persoas titoras traballaban estes contos con diferente temática.

A orientadora contou algúns sobre :

- Dislexia: "Xulia" e "Que lle pasa a María?"
- Altas capacidades: "Xaime" e "Pulgarzón"
- Autoestima: "Abigail"
- Acoso: "Risto"
- Autismo: "Alma"
- Día do libro: "Conto do avó"
- Día da muller traballadora: "Esas mulleres..."
- Letras Galegas: "Avó, por que nós falamos galego?"
- E outros contos, sen ningunha temática especial, que se estiveron colgando na páxina web do colexio, no tempo de confinamento polo Estado de Alarma que estamos a vivir. Un exemplo é "Tatá, cóntame un conto", ademais dos que xa citamos anteriormente.

#### **2.- Técnicas de relaxación.**

Realizouse na maioría das aulas. É necesario retomalo o vindeiro curso e poder facelo más a miúdo.

#### **3.- Mediadores en 6º curso.**

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

Houbo un grupo grande de voluntarios para facer de mediadores. Fixeron moitas mediacións ao longo do curso. Tíñase pensado facer co alumnado de quinto curso pero, por mor do estado de alarma, non foi posible.

**4.- Entrega de anexos en cada nivel,** elaborados no centro, sobre: Dislexia, Autismo, Déficits de Atención, Hiperactividade, Trastornos de conducta, Trastorno da Linguaxe e Hemiparexia.

Consideramos que a información facilitada nos anexos é interesante e pode axudar a diseñar estratexias con ese alumnado e tamén na súa avaliación. Falta facer un seguimento dos mesmos.

**5.- Prevención de “bullying” e de calquera outro tipo de abuso:**

Caixa de suxestións: Como se senten na casa e no cole e por que. Poden escribir e/ou debuxar caras

En cada aula había unha caixa de suxestións para que os nenos/as puideran poñer alí as queixas ou comentarios de como se sentían. Ao longo do curso intentouse varias veces que todos escribieran algo.

A valoración de todo o realizado foi positiva, pero sempre se necesita seguir traballando nisto.

**6.- Seguir traballando na aprendizaxe cooperativo e por proxectos.**

**7.- Continuar co control da limpeza do patio.**

O control dos patios, por parte dos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria, resultou satisfactorio. Compramos chalecos para cada curso, porque os que tiñamos xa estaban estragados. Continuarase realizando no vindeiro curso.

**8.- Continuar traballando nas distintas datas sinaladas ao longo do curso:** Día da dislexia, a Violencia de xénero, Día Internacional para a Tolerancia, Día da Paz, Día da árbore, Día Muller Traballadora, Autismo, Letras Galegas e Acoso escolar. Estes son algúns paneis que estivemos a facer:

## MEMORIA FINAL DE CURSO



Tamén para o Día da Muller Traballadora seleccionamos libros da biblioteca para repartilos por todas as aulas e tratar o tema da muller en cada unha delas. Estes foron:

- INFANTIL: "A urna dos desexos" e "Rosa caramelo"
- 1º e 2º de PRIMARIA: Las niñas serán lo que quieren ser" e "Cuando las niñas vuelan alto"
- 3º e 4º de PRIMARIA: "10 niñas que se hicieron grandes" e "Las princesas también se tiran pedos"
- 5º e 6º de PRIMARIA: "Princesas que cambiaron el cuento", "Malala, por el derecho de las niñas a la educación", "Historia ilustrada de la teoría feminista" e "Feminismo es..."

### 9.- Adaptación de exames para o alumnado con dificultades específicas de apoio educativo

#### 4º.- Propostas para o vindeiro curso:

- Continuar coas **sesións de titoría semanais** para facer un seguimento dos problemas que se presentan, traballando as habilidades sociais. Propoñer que, polo menos, unha vez cada quince días, todos os alumnos e alumnas da clase escriban nun papel como se atopan . Este papel meterano na caixa de suxestións da clase para así poder axudarles o máximo posible.
- Continuar traballando **técnicas de relaxación** en todas as aulas.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- Continuar formando **mediadores** desde o inicio do curso no alumnado de 5º e 6º curso.
- Seguir coa **limpeza do patio**.
- Seguir coa **caixa de súxestións** para que todo o profesorado que queira, pais ou alumnado poida manifestar propostas, dicir cousas que non funcionan e que se poidan mellorar, co obxectivo de mellorar a convivencia do centro.
- Falar ao inicio do curso das **características do alumnado disléxico, autista, con síndromes ou déficit de atención** para saber mellor como tratalo.
- Incidir na importancia de que todo o **profesorado se implique nas actividades** propostas para que estas sexan efectivas.
- **Presentar as actividades** nos diferentes niveis habitualmente.
- Continuar traballando en **aprendizaxe Cooperativo e Proxectos**.
- Continuar coa **adaptación de exames** para alumnado con dificultades específicas de apoio educativo.
- Aumentar a **participación de toda a comunidade educativa** na ornamentación estética e conservación dos espazos comúns.
- Baúl de xogos para o recreo co obxectivo de que o alumnado poida xogar a outras cousas que non sexa o fútbol.

O Xefe de Estudos



Enrique Blanco Guillén

A Coordinadora



Dolores Carpente Carpente

### 3.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

Durante este curso fixérónse tres reunións, unha por trimestre na que se abordaron os seguintes puntos:

Na primeira reunión celebrada o día 5 de novembro de 2019.

1. Datas das avaliaciós.
2. Uso da biblioteca.
3. Gardas de patio.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

4. Apoios.
5. Orientacións para a dislexia.

A segunda reunión fixose o día 18 de febreiro de 2020, tratando os seguintes temas:

1. Datas das avaliacións.
2. Plan de acollida para o novo profesorado.
3. Plan de autoprotección e evacuación.
4. Avaliación.
5. Peticións de exames por parte dos titulares legais do alumnado.
6. Posibles modificacións nas NOFC.

A terceira reunión foi despois do confinamento o día 29 de xuño de 2020 na que o tema a tratar foi:

1. Aprobación do NOFC, despois das numerosas aportacións dos membros do claustro.

### 3.8- MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Os membros da equipa de Educación Infantil durante o curso 2019-20 foron:

- Ed. Infantil 3 anos A: Paula Carballo Leira
- Ed. Infantil 3 anos B: Elena González Melchor
- Ed. Infantil 4 anos A: Ana Ayala Rodríguez
- Ed. Infantil 4 anos B: M<sup>a</sup> del Carmen Julías Casas
- Ed. Infantil 5 anos A: M<sup>a</sup> del Mar Rey Lago
- Ed. Infantil 5 anos B: Fátima Muíños Rodríguez
  
- 7<sup>a</sup> praza de Educación Infantil : Belén Bellón Navarro
- 8<sup>a</sup> praza de Educación Infantil: Dolores Basoa López
- Relixión:Dolores González López.
- Lingua Estranxeira :Emma M<sup>a</sup> Salgueiro Veiga
- Educación Física : Enrique Blanco Guillén y Bernardo Montero Doce
- Educación Musical : Beatriz Villegas Santos
- Orientadora: M<sup>a</sup> Carmen Ogaza Rojas

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- Coordinadora: Dolores Basoa López.

Fixéronse as reunións de Ciclo correspondentes, nas que se trajeron os seguintes temas:

- Composición de Ciclo e elección de coordinadora. Reparto nas equipas de dinamización.
- Calendario e preparación das saídas extraescolares para este curso.
- Acordos sobre as necesidades materiais do ciclo e gasto de presupuesto asignado.
- Programación da participación nas diferentes festas e conmemoracións no colextio ( Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Antroido, Letras Galegas...)
- Eleccións de ítems para os boletíns de información trimestral
- Elección de material para o vindeiro curso.
- Elaboración da memoria.
- Formulación de problemas que foron xurdindo no ciclo.

**As saídas programadas para este curso eran:**

- 1º trimestre: Os nenos/as de 3, 4 e 5 anos foron ao teatro. Esta actividade é programada polo Concello no Auditorio de Narón.
- 2º trimestre: Excursión Aldea Nova.
- 3º trimestre: Excursión ao Terzo Norte.

Destas saídas só se puido levar a cabo a do 1º trimestre, xa que as demais foron suspendidas pola covid-19.

Tiñamos programado para o 2º trimestre, unha sesión de contacontos e animación á lectura para toda a Ed. Infantil. Anxo Moure sería o encargado de realizar dita actividade, que tamén quedou suspendida. Aínda así, Anxo mandou un vídeo animando a todos os nenos, que se subiu na páxina web do colextio.

Fixéronse as reunións xerais de pais de principio de curso, a reunión xeral de final de ciclo non foi posible realizarla.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

Así mesmo tampouco se puido facer a reunión, que sempre faciamos cos pais/nais dos nenos de nova incorporación no centro.

As titorías tiveron lugar os martes de 4 a 5, con aqueles pais que o solicitaron ata que foi decretado o estado de alarma. A partir de aquí os pais foron atendidos polas plataformas dixitais, correo, teléfono, etc.

O número total de alumnos en Educación Infantil foi de 149. Aínda que no primeiro trimestre déronse de baixa una alumna da clase 3 anos A, outra de 4 anos A e outra en 4 anos B . Na clase de 5 anos B, un alumno non chegou a incorporarse e foi dado de baixa.

Nas clases de 5 e 4 anos tamén hai varios alumnos que recibiron atención individualizada por parte do Departamento de Orientación precisando de AL e/ou PT. Na maioría dos casos non foros tratados o tempo necesario.

Cabe destacar tamén que algúns nenos de Educación Infantil presentan problemas de conduta.

Dous nenos de 6º de Educación Infantil foron mirados polo Equipo Específico.

Neste curso atopamos as seguintes dificultades :

- Excesiva ratio en Educación Infantil.
- Falta de persoal de limpeza no horario lectivo.
- Cando chove non se pode saír ao recreo.
- Aulas e espazos comúns moi reducidas en relación á ratio.
- Firme da zoa dedicada ao fútbol non é o axeitado para o patio de infantil. É prexudicial para a saúde dos nosos alumnos polo po que se levanta, alerxias, esvaran os nenos constantemente ... etc..
- Os servizos dedicados aos nenos e nenas de Ed. Infantil necesitan reformas para o seu bo funcionamento, posto que os dos nenos están vellos, polo que levamos anos reclamando a súa renovación e ao das nenas caeulles parte do teito e se encharcan cando chove.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- Cabe resaltar tamén as goteiras que se forman no vestíbulo do colexio, diante das aulas de infantil, nas que hai que poñer baldes para recoller a auga. Entorpecen o paso, ao mesmo tempo que o fan perigoso para as crianzas máis pequenas.
- Mobiliario das aulas (armarios e mesas e cadeiras de profesoras), así como os xogos de espuma que temos para os recreos do alumnado de 3 anos cando chove, atópanse moi deteriorados e precisan ser renovados.

Atopamos outras dificultades engadidas debido a situación de alerta pola COVID 19 :

- Imposible as videoconferencias por Skype con tantos nenos pequenos.
- Moitas familias non tiñan acceso ás plataformas dixitais.
- Houbo familias que se desvincularon do seguimento e contacto que pretendíamos ter con eles.
- Empregamos maioritariamente a páxina web do cole, correo electrónico, blogs...
- Non se respectaba o horario escolar, xa que en calquera momento recibíamos correos, traballos ... incluso sábados y domingos.
- Pensamos que a aula virtual non se adapta para Educación Infantil.
- Desorganización na información por parte da Xunta.
- Non todo o profesorado estaba preparado para a educación telemática con respecto á formación e recursos.
- Dificultade para coordinarse entre o profesorado, debido a que cada un tivo que conciliar.
- Os nenos e nenas que non dispoñían de recursos informáticos, podían acudir a o concello a recoller os traballos enviados polas súas titoras.

Modificacións da programación por niveis debido ao estado de alarma:

- Respecto ao nivel de **3 anos**, no segundo trimestre traballamos o proxecto “El hada y el duende” sobre o corpo humano e quedou praticamente rematado, polo que os obxectivos foron acadados, aínda que se seguirá traballando no vindeiro curso.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

En canto ao terceiro trimestre, tiñamos pensado facer un proxecto sobre a auga e enlazar este proxecto co verán, e tamén o segundo libro de ABN (pendente de facer no vindeiro curso 2020-2021). Debido á situación derivada do estado de alarma, traballamos a partir dunhas orientacións semanais baseadas nun centro de interese para darlle máis sentido ao traballo proposto. Os centros de interese foron: a primavera, os Maios, a familia, as mascotas, o medio ambiente, a auga e o verán.

Durante o curso chegouse a traballar en lóxico-matemática o conteo ata o 10 e máis, asociación número-cantidadade do 1 ao 5, trazos dos números 1 e 2, as figuras xeométricas círculo, cadrado e rectángulo e iniciación a series. Durante o estado de alarma coas orientacións semanais e as fichas de reforzo reforzamos o trazo dos números 1, 2, e 3, as figuras xeométricas, series de dous elementos.

En canto á lectoescritura, traballamos o seu nome e o recoñecemento dos fonemas co conto Pepita e Miguel ata o período de confinamento. Coas orientacións enviadas durante o estado de alarma seguimos traballando o seu nome e os da súa familia e amigos de forma que van reforzando o coñecemento de todas as letras. Tamén lles proporcionamos o conto de Pepita e Miguel para traballalo na casa. Traballamos as vogais, o trazo en letra maiúscula e o recoñecemento auditivo e visual.

Cabe dicir que dentro das orientacións recomendadas incluíronse actividades para favorecer o desenvolvemento da motricidade fina: recortar, pegar, ensartar ...

Respecto ao contacto coas familias, nos comunicamos a través do correo electrónico, chamada telefónica e tamén mediante o blog de aula que ten cada clase colgando nel todas as actividades que os nenos/as ían enviando

- En 4 anos, ata o segundo trimestre a actividade foi desenvolvida con normalidade, e as mestras consideramos que os contidos mínimos para esta idade están satisfeitos. A partir de marzo continuamos con ese labor, rematando o proxecto que comezaramos co galo do Entroido: "Os Xogos Olímpicos". Fomos repasando e reforzando un pouquiño en lectoescritura, lóxico-matemática, medio físico-social, e autonomía persoal mediante tarefas

## MEMORIA FINAL DE CURSO

escritas, fichas interactivas, xogos, contos, debuxos, manualidades... procurando facer tarefas variadas e diferentes.

Quedáronnos para o vindeiro curso boa parte das matemáticas que tiñamos previstas e o proxecto "Los castillos", programado inicialmente para o 3º trimestre.

Contactamos coas familias principalmente diariamente a través de classdojo , pero tamén mediante videoconferencias, e-mail, páxina web, chamadas telefónicas e whatsapp.

- En canto a **5 anos**, con respecto aos contidos, fomos desenrolando todo con normalidade ata a chegada do estado de alarma, podemos dicir que os obxectivos mínimos nese intre xa estaban alcanzados, polo que no terceiro trimestre e xa traballando telemáticamente, continuamos cos mínimos, para que así os nenos e nenas seguisen repasando desde a casa. Centrándonos en centros de interese más interesantes para os nenos, a través de actividades interactivas, experimentos, contos, sen deixar de traballar a lectoescritura, lóxica-matemática, así como o proxecto de Exipto.

Aínda así, no terceiro trimestre non chegamos a facer o proxecto "O arte " da terceira avaliación, así coma tampouco rematamos o segundo libro de ABN, robótica e letras; quedando pendentes para o vindeiro curso 2020-2021.

O Xefe de Estudios

Enrique Blanco Guillén



A Coordinadora

Dolores Basoa López



### 3.9- MEMORIA FINAL DE 1º E 2º E. PRIMARIA.

O equipo do 1º ciclo de educación primaria está formado por:

1. Nuria Gutiérrez González (Titora 2ºA)
2. Susana Santalla Fernández (Titora 2ºB)
3. Mercedes Álvarez Amor (Titora 1ºB)(Substituta de MªJosé Paris Torres)
4. Emma Mª Salgueiro Veiga (Mestra especialista: Inglés)

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

5. Dolores Sagrario González López (Mestra especialista: Relixión Católica)
6. Nuria M<sup>a</sup> Pita Fernández (Mestra especialista: Audición e Linguaxe)
7. Ana Graña Piñeiro (Titora 1ºA e Coordinadora do 1º ciclo)

### CONTEXTO, SEGUIMENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

Durante o curso 2019-2020, estiveron escolarizados un total de 101 alumnos/as; 25 en cada curso, agás no caso de 1º A que foron 26 (sumando a un repetidor). Promocionan todos os alumnos/as de 2º de educación primaria. Repite unha alumna no caso de 1ºB e no caso de 1º A promociona un alumno por imperativo legal, aínda que ten suspensas as dúas linguas cooficiais: lingua castelá e lingua galega.

As circunstancias particulares nas que nos atopamos este curso, foron verdadeiramente excepcionais. O 13 de marzo do 2020 decretouse estado de alarma no país e suspéndense por completo as clases de xeito presencial, coas fondas repercuśóns negativas que isto supuxo para todo o alumnado e profesorado. Tivemos que facer un importante traballo para poder chegar a todo o alumnado, sen distinción, coas ferramentas tecnolóxicas e recursos das que dispoñiamos, dada a situación de emergencia na que nos atopabamos.

Mencionar a importante labor desenvolta polo Concello de Narón, pois permitiu chegar ás casas do alumnado desconectado a través dun servizo de impresión das tarefas escolares e envío personalizado a través do corpo de protección civil.

Con todo, conseguimos continuar traballando pero non coa calidade nin as condicións adecuadas para poder avanzar no proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado. É por iso, que tivemos que facer unha adaptación das nosas programacións didácticas e a que teremos que facer o vindeiro curso, para dar o que quedou sen dar no presente. Así mesmo, e cumplindo coas directrices de inspección educativa, realizamos uns informes individualizados de cada alumno/a rexistrando a súa situación particular para poñer en coñecemento do profesorado que estea con eles/as o próximo curso.

A consecución de todos os obxectivos non pode estar asegurada con plenitude, pois o testemuño do que dispoñemos non é eficaz nin moito menos obxectivo da realidade que viviu o noso alumnado e as súas familias. As avaliacións iniciais revelarán, xunto cos informes individualizados, o punto de partida e permitirán palpar a consecución

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

real dos obxectivos acadados. Aínda así, pensamos que o alumnado (en xeral) levou a cabo unha importante labor durante este período (dadas as circunstancias) e que acadou os obxectivos mínimos propostos para os respectivos cursos, na súa maioría. Como equipo, durante o tempo que tivemos unha situación ordinaria, leváronse a cabo todas as reunións precisas para a toma de decisións comúns e para valorar as posibles casuísticas que xurdiron durante o curso. Existiu boa comunicación e colaboración que permitiu mercar materiais comúns, elaborar actividades na mesma liña/temática (ex. Intercentros), participar das actividades complementarias, organizar actividades conmemorativas, atender a todas as peticións e propostas tanto do Departamento de orientación como a Comisión de Coordinación Pedagólica e a selección dos libros de texto para o próximo curso; entre outras.

### **RELACIÓN COAS FAMILIAS:**

O 1 de outubro, as mestras titoras mantiveron unha reunión conxunta coas familias do seu alumnado, coa finalidade de informalas de todos os aspectos esenciais en canto a funcionamento e organización do curso se refire. Tras a petición dos pais/nais, este ano, levouse a cabo unha presentación oficial de todo o profesorado que impartiría docencia a cada grupo de alumnos/as. Tamén, os especialistas, tiveron a oportunidade de explicar qué metodoloxía se ía desenvolver ao longo do curso. Tratáronse, indubidablemente, aspectos básicos como: saídas escolares, avaliacións, organización das entradas e saídas, as merendas, aspectos metodolóxicos, actividades complementarias, etc.

Así mesmo, as titoras estaban a disposición dos pais/nais en horario de titoría (martes de 16-17 horas), para manter entrevistas individuais e favorecer o intercambio de información bidireccional e manter un fío de colaboración familia - escola.

A comunicación fixose máis intensa durante o período non - presencial, para asegurar a correcta atención e avance no proceso de ensinanza - aprendizaxe de todo o alumnado, sen distinción. A través de correo electrónico, plataformas virtuais e, nalgúns casos, aplicacións de mensaxería instantánea.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:**

Todo o ciclo participou en todas e cada unha das festas de obrigada conmemoración así como en todas aquelas actividades complementarias, festas ou conmemoracións

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

programadas dende o centro e/ou dos diferentes equipos (convivencia, dinamización da lingua galega, biblioteca, actividades complementarias e extraescolares).

### **1º TRIMESTRE:**

- **O 23 de outubro do 2019** o alumnado de 1º a 4º de Educación Primaria asistiu ao Pazo da Cultura de Narón á obra de teatro "*Patapatum*".
- **O 30 de outubro do 2019** celebrouse o Magosto no colexio, compartindo unha merenda de castañas e zumes. Despois, no patio cuberto, realizamos diversos xogos populares para festexar o día.
- **O 25 de novembro:** Día internacional contra a violencia de xénero con diversas actividades de aula e a nivel de colexio para conmemorar o día.
- **O 28 de novembro de 2019** o alumnado de 2º de Educación primaria realizou unha saída ao museo Afundación (Ferrol) para realizar o obradoiro "*Papiromates*"
- **O 18 de decembro do 2019** tivo lugar o Festival de Nadal no Pazo da Cultura de Narón con representacións musicais e teatrais por parte de certo alumnado do colexio.
- **O 20 de decembro do 2019** visitou o cole Papá Noël e o Apalpador, recollendo cartas e desexos dos máis pequenos e compartindo contos da súa persoa, respectivamente.

Convén sinalar que o alumnado de Relixión Católica realiza, todos os anos, un belén de plastilina no colexio. Este ano, por iniciativa do párroco, estivo exposto na igrexa de San Xosé Obreiro durante as vacacións de Nadal. Ao finalizar o período, púxose en venta e recadáronse 640€ que foron destinados, integralmente, a Cáritas.

### **2º TRIMESTRE:**

- **O 30 de xaneiro do 2020** celebrouse o día da Paz con todo o alumnado do colexio. Cantáronse varias cancións no recibidor do colexio e pintouse a pomba da Paz utilizando como base os murais feitos, conxuntamente, por todas as clases do colexio.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- **O 14 de febreiro do 2020** asistimos ás exposición na biblioteca e no recibidor de receitas de Entroido feitas polo alumnado, de xeito grupal, en cada aula.
- **O 19 de febreiro do 2020** o alumnado de 1º de Educación Primaria realizou unha saída, en dúas quendas (1 por curso) ao Museo de Historia Natural (Ferrol).
- **O 20 de febreiro do 2020** o alumnado de 2º de Educación Primaria realizou unha saída, en dúas quendas (1 por curso) ao Museo de Historia Natural (Ferrol).
- **O 21 de Febreiro do 2020** celebrouse o Entroido no colexio. O primeiro foi realizar un desfile arredor do patio do colexio co motivo dos Xogos Olímpicos e, posteriormente, o profesorado realizou un circuito de exercicios cun toque humorístico. A continuación, o alumnado degustou nas súas aulas produtos típicos de Entroido que trouxeron da casa. Despois do recreo, fixose a "Queima do Meco".
- **O 27 de Febreiro do 2020** o alumnado de 2º de educación primaria realiza unha saída ao museo MUNCYT.
- **O 6 de marzo do 2020** todo o alumnado do centro ten a oportunidade de escoitar unha canción en favor da igualdade interpretada polo alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria.

O resto das saídas e festas programadas non puideron ter lugar por mor do COVID-19 e o correspondente estado de alarma decretado polo Goberno, tendo moi presente as advertencias sanitarias.

- **O 24 de Abril do 2020** tiñamos programado un contacontos con Anxo Moure. Como non puido ter lugar enviou un vídeo de ánimo para os nenos e unha pequena historieta que foi publicada na páxina web do colexio.
- Tamén como motivo da conmemoración do **día do libro**, publicáronse no apartado de Biblioteca da web do cole, diversas actividades para festexar este día e alentar ao hábito e gozo da lectura.
- Para conmemorar o **día das Letras Galegas 17 de maio**, cada mestra propuxo actividades ao seu alumnado, pero tamén houbo publicacións no apartado de Dinamización da Lingua na páxina web do centro.


## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### ACTIVIDADES SUSPENDIDAS

- O 18 de marzo o alumnado de 2º de Ed. Primaria tería un contacontos da Editorial Xerais.
- O 26 e 27 de marzo o alumnado de 2º e de 1º de Ed. Primaria, respectivamente, realizarían unha saída á LONXA en A Coruña.
- O 31 de marzo e 1 e 2 de abril, estaba programado un obradoiro de Coeducación para o alumnado de 1º de educación primaria a través das actividades ofertadas polo concello de Narón.
- O 3 de abril, levaríase a cabo o mercadillo Solidario coa venta de libros doados por todo o alumnado e de diversas manualidades elaboradas por eles/as nas clases.
- Participación en Intercentros a través de Murais.
- Obradoiro dos Maios
- Festival das Letras Galegas, coa participación de todo o alumnado que non o fixo no festival de Nadal.
- Excursión de fin de curso a Aldea Nova, 2 e 3 de Xuño (un nivel cada día), para a realización de diversos obradoiros e xogos.

Xefe de Estudos



Enrique Blanco Guillén

A coordinadora



Ana Graña Piñeiro

### 3.10- MEMORIA FINAL DE 3º e 4º de E. PRIMARIA.

Con data do 22 de xuño do 2020 reunímonos os profesores de 3º e 4º nivel de Primaria para a elaboración da memoria de final de curso.

# MEMORIA FINAL DE CURSO

---

## COMPOÑENTES:

Belén Casanova Mayo (coordinadora de ciclo)

Carlota Pena Freijomil

Elena Pérez Fernández

Mª Dolores Carpente Carpente

Enrique Blanco Guillén

Xulio Antonio Prieto Bermúdez

## REUNIÓNS DE PAÍS

A principio de curso realizáronse reunións de país no 3º e 4º nivel para explicarles ás familias as liñas xerais a seguir no curso e as saídas programadas para o mesmo.

## SAÍDAS REALIZADAS E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Realizáronse algunas das saídas programadas para este curso. Algunhas tiveron que suprimirse por diversos motivos que se detallan a continuación.

### 1º TRIMESTRE:

- Os nenos/as de 3º e 4º nivel asistiron á Mostra de Teatro organizada polo Concello.
- Os nenos/as de 3º nivel realizaron a excursión ao Museo de Belas Artes da Coruña e no caso de 4º nivel houbo que suspender a excursión ao Museo Etnográfico da Capela e Fragas do Eume por motivos metereolóxicos.

### 2º TRIMESTRE:

- Os nenos/as de 3º nivel foron de excursión á Casa dos Peixes da Coruña.
- Os nenos/as de 4º nivel foron de excursión á Casa das Ciencias da Coruña.

### 3º TRIMESTRE:

Neste trimestre suspendéronse todas as excursións por motivo da declaración do estado de Alarma decretado polo goberno día 14 de marzo de 2020.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### PARTICIPACIÓN NAS FESTAS:

Os nenos/as de 3º e 4º nivel participaron en todas as festas e conmemoracións programadas durante o primeiro e segundo trimestres:

**Magosto:** Participouse no patio do coleixio na celebración do magosto, degustando castañas e mirando a queima do Meco.

**Samaín:** Os nenos/as adornaron cabazas para a exposición do coleixio e visitaron o corredor do terror.

**Día do peón :** Os nenos/as de 3º e 4º bailaron os peóns no patio co resto dos alumno/as do coleixio .

**Nadal:** Os nenos/as de 3º e 4º participaron na decoración do coleixio con motivos de Nadal

**Día da Paz:** Todo o coleixio cantou un Mix das cancións da Paz que se cantaron nos últimos anos no coleixio para celebrar ese día e ao mesmo tempo despedir á mestra de Música pola súa xubilación.

**Entroido:** Celebramos unha festa disfrazándonos de todo o referente aos Xogos Olímpicos e comemos lambetadas típicas do Entroido.

**Día 8 de marzo:** Para celebrar o Dia da Muller, este ano cantamos todo o coleixio a canción “Depende de los dos”.

Os neno/as de 3º fixeron uns murais para expoñer no coleixio, puxéronse uns lazos de cor morada e tamén traballaron un conto “O país dos mandóns”, onde se traballou a igualdade de sexos, a democracia...etc

### CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

En canto á consecución dos obxectivos os resultados con respecto ao primeiro e segundo trimestres foron satisfactorios. A maioría dos nenos acadaron os obxectivos fixados ao principio de curso na PXA e aqueles que tiveron dificultades recibiron apoio dos especialistas e por parte do profesorado que tiña horario libre para completar o traballo dos especialistas en PT e AL.

No que respecta ao terceiro trimestre, este ano concorreron unhas circunstancias especiais por mor da Declaración do Estado de Alarma feito polo goberno o día 14 de marzo de 2020 para fazer fronte á expansión do coronavirus pola COVID-19.

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, fíxose una revisión do currículo e una

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

adaptación da programación para centrar as actividades lectivas (non presenciais) no repaso, reforzo e afianzamento dos contidos traballados no primeiro e segundo trimestres.

Constatamos que a maioría dos menos/as levaron a cabo as tarefas propostas polas mestras de xeito “on line”.

Tamén engadimos que houbo algúns alumnos que tiveron dificultades de conexión por falta de medios telemáticos, ordenadores, tablet, conexión a internet, etc. Eses problemas subsanáronse en parte mandando as tarefas por outros medios como teléfono, fotos, e tamén contamos coa axuda do Concello de Narón para imprimirlles as fichas propostas polas titoras e levarllas aos alumnos con menos medios a casa. Tamén á hora de desenvolver as tarefas os medios persoais do alumnado foron dispareces.

### VARIOS:

Este curso fixemos no segundo ciclo unha petición de mobiliario de mesas e cadeiras por deterioro. Mandaron reposición de mobiliario para 25 postos.

De cara ao curso que vén, queda pendente volver a facer outra petición de mobiliario para seguir repoñendo o que está deteriorado.

### 3.11- MEMORIA FINAL DE 5º E 6º DE E. PRIMARIA.

Titoras de 5º durante o presente curso:

Anilda Vidal Sanjurjo (5ºA e coordinadora de nivel)

Lucía Vellón Fernández (5ºB)

Tutores de 6º durante o presente curso:

Sandra Gómez Mariño (6ºA)

Silvia Mª Sabín Mesa (6ºB)

Caroliña Núñez García (6º C e coordinadora de nivel)

Temos que salientar que este curso tivemos que facer unha coordinación importante para conseguir que a directora quedase sen tutoría e que en 6º C a titora tivera horas suficientes para impartir inglés en varios cursos. A directora, Eva Mª Bouza Rey, foi a titora de 6º B cando estaban en 5º, pero levar unha tutoría e ao mesmo tempo a

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

dirección do centro resulta moi complicado polo que neste curso a especialista de inglés, Silvia M<sup>a</sup> Sabín Mesa fixose cargo desta titoría compartindo o papel con a directora. Así mentres a titora impartía as tres linguas e á hora de libre disposición, a directora impartía nesta titoría as materias de Matemáticas, Ciencias Sociais e Ed. Plástica nos tres sextos. A titora de 6º A, Sandra Gómez Mariño, impartía as Ciencias Naturais e os Valores en 6º B, ademais das materias da súa titoría. Sucedeu algo parecido en 6º C, a titora Carolina Núñez García impartía as materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Valores e o resto do horario o ocupaba dando inglés en 6º A e en 3º e 4º de Ed. Primaria. Para completar o horario de 6º C estaba o profesor de Ed. Física Bernardo Montero Doce, que ademais impartía nesa titoría as Ciencias Naturais e as Ciencias Sociais.

Profesores especialistas en ambos cursos:

Silvia M<sup>a</sup> Sabín Mesa (Inglés en 5ºA, 5ºB, 6ºB e 6ºC)

Carolina Núñez García (Inglés 6ºA)

José Bernardo Montero Doce (EF en 5ºB, 6ºB e 6ºC)

Enrique Blanco Guillén (EF en 5ºA e 6ºA)

Purificación Pernas García (Música, ata xaneiro)

Beatriz Villegas Santos (Música, de febreiro a xuño)

Dolores González López (Relixión Católica)

Eva M<sup>a</sup> Bouza Rey (Ed. Plástica nos tres sextos)

Ao longo do curso mantivéronse reunións periódicas para tratar os diferentes puntos recollidos na **Programación Xeral Anual**, os diferentes asuntos que foron xurdindo, e, tamén, para a revisión de temas puntuais concernentes a todo o colexio, e outros temas que se detallan.

### 1.- SAÍDAS, FESTAS E PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES

#### a) SAÍDAS:

Fixéronse a maioría das saídas previstas no Plan de Centro. A maiores realizáronse outras que foron xurdindo ao longo do curso e consideramos interesantes, e que se relacionan a continuación:

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

- 18 de outubro asistimos ás xornadas de teatro organizadas polo Concello e vimos a obra “Lázaro de Tormes”
- Os nenos de 5º tiveron unha charla sobre o Camiño Inglés o 3 de outubro.
- 22 de outubro o alumnado de 5º fixo unha andaina, organizada polo concello ao Mosteiro do Couto, promocionando o Camiño Inglés.
- O 12 de novembro visitounos a escritora María Canosa para presentarnos o seu libro de poemas Acuario (5º e 6º).
- 13 de novembro 5º e 6º realizaron un obradoiro de Primeiros Auxilios.
- No primeiro trimestre o alumnado de 6º e no 2º trimestre o alumnado de 5º visitaron o museo MUNCYT en A Coruña.
- 20 de novembro tanto os alumnos de 5º como os de 6º tiveron unha charla sobre Acoso Escolar impartida pola Policía Nacional.
- 13 de xaneiro o alumnado de 6º visitou o IES Terra de Trasancos nunha xornada de portas abertas onde se lles ensinou o IES e realizaron diferentes actividades.
- 30 de xaneiro o alumnado de 6º tivo unha charla sobre os impostos impartida por un membro da Axencia Tributaria.
- día 14 de febreiro o alumnado de 5º e 6º asistiu a unha charla sobre os perigos de Internet organizada pola Policía Nacional.
- día 19 de febreiro o alumnado de 6º realizou unha saída a Santiago para visitar O Parlamento e A Xunta de Galicia dentro do Programa “Coñece as túas institucións”
- día 4 de marzo o alumnado de 5º e 6º participou nunha gymkana de bicicletas organizada polo clube Os Pulpeiros.

Non se puideron realizar as saídas de fin de curso de 5º á granxa- escola “Ría do Eo” (Castropol), e de 6º a Madrid, debido ao Estado de alarma. Tampouco se pudo participar no Certame de Intercentros nin na Olimpíada de Educación Víaria, porque quedaron suspendidas polo confinamento.

# MEMORIA FINAL DE CURSO

---

## b) FESTAS E PARTICIPACIÓN

Participamos en:

- Todas as celebracións convxuntas do Centro: Samaín, Magosto, Nadal (coa realización dun festival), Día da Paz, Entroido.
- O alumnado de 5º recibiu a visita da escritora Rosa Aneiros.
- Ao longo do curso o alumnado de 6º participou nun obradoiro de **Educación Emocional e Convivencia** organizado polo Concello que continuou durante as clases na distancia cunha actividade que poñiamos na páxina web todos os venres.

## 2.- REUNIÓNS DE PAIS

As reunións cos pais desenvolvéronse tal e como estaban programadas no Plan de Centro.

Nas reunións iniciais deuse información dos obxectivos a acadar, das normas de funcionamento, das saídas e respondeuse ás preguntas que xurdían.

As reunións individuais celebráronse tódolos martes en horario de 16 a 17 horas dun xeito regular e, con certa flexibilidade de horario, cando era necesario por parte dos pais

A orientadora do IES Terra de Trasancos acudiu o día 19 de xuño ao colexio para ter unha toma de contacto cos profesores de 6º.

## 3.- ACCIÓN TITORIAL

Realizáronse sesións sempre que foron necesarias, principalmente cando xurdía algún problema e cumpría tratalo de xeito xeral entre toda a clase, ou noutros casos, en pequeno grupo, só cos alumnos implicados.

## 4.- RESULTADOS ACADÉMICOS

Durante este curso doce alumnos de 5º e seis de 6º, participaron no plan REFORZA-T, asistindo a clases de acompañamento no colexio polas tardes dúas veces á semana. Observamos que nalgúns casos o aproveitamento de ditas clases foi

## MEMORIA FINAL DE CURSO

satisfactorio, apreciándose melloría no seu rendemento académico; pero noutros casos non ocorreu así, debido, principalmente á falta de interese deses alumnos e á pouca implicación por parte das familias. Consideramos que para un maior aproveitamento desta actividade, debería comezar no mes de outubro e máis nun momento como este no que hai que retomar os contidos que quedaron sen dar por mor do peche do colexio.

O grao de consecución de obxectivos, tanto de etapa coma os das diferentes áreas, foi en xeral satisfactorio para a mayoría dos alumnos. En 5º nivel , dun total de 50 alumnos promocionan a totalidade, pero pasan dous con Ciencias Sociais suspensas, un con Ciencias Naturais e outro con Ciencias Naturais e Inglés.


Hai que sinalar que en 6º nivel, dun total de 67 alumnos, promocionan á ESO a totalidade, aínda que acceden a Ed. Secundaria un alumno con Inglés pendente e unha alumna con Inglés e Ciencias Sociais. Os mestres destes dous niveis queremos facer constar que hai un exceso de contidos en tódalas áreas, en relación ó número de sesións (necessitaríanse máis sesións para cada materia, e non as hai).

A Coordinadora de 5º



Asdo.: Anilda Vidal Sanjurjo

A Coordinadora de 6º



Asdo.: Carolina Núñez García

O Xefe de Estudos



Asdo.: Enrique Blanco Guillén

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

### 3.12- REFORZA-T (CONTRATOS – PROGRAMA) 2020.

- Coordinadora do programa: Sandra Gómez Mariño.
- Profesora externa que impartiou as clases: Fátima M<sup>a</sup> Rúa Yáñez.
- Alumnado participante: 12 alumnos/as de 5º de primaria e 6 alumnos/as de 6º de primaria.

O horario de traballo foi de luns a xoves de 16 a 18 horas e os martes de 9 a 14 horas para apoio dentro das aulas de 5º e 6º de primaria. Este horario veuse alterado a partir do 12 de marzo no que o goberno autonómico suspendeu temporalmente as clases presenciais e a partir do 14 de marzo, no que España entrou en Estado de Alarma pola pandemia do COVID-19. Durante este estado de alarma, o traballo do Refórza-T distribuíuse en torno as 3 - 4 horas diárias, de luns a venres, entre preparación de materiais, coordinación co profesorado titor e comunicación e distribución do material ao alumnado.

Os resultados obtidos foron satisfactorios e o único que pedimos é que comece antes para mellorar ainda máis os resultados.

Desexamos continuar co programa o curso que ven.

A coordinadora



Asdo: Sandra Gómez Mariño.

### 3.13- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Durante este curso a maioría do profesorado participou no PFPP do centro que consistiu nun grupo de traballo para dinamizar á páxina web e no que participaron quince profesores/as. Tivo unha duración de 20 horas entre as sesións de traballo e as dúas sesións cun poñente, desenvolveuse no primeiro trimestre do curso. A continuación comezamos a segunda parte do PFPP, “Disfrutamos coa robótica” que foi un seminario de 30 horas, no que participamos 18 profesores/as do claustro. Tivemos traballo individual e tres sesións cunha poñente. A última sesión quedou sen impartir debido á orde de confinamento. Durante o confinamento case a totalidade do

## MEMORIA FINAL DE CURSO

---

clastro fixo o seguinte curso: “Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes”, en rede, dende o día 06/05/2020 ata o día 29/05/2020, cunha duración de 10 horas.

Houbo dous funcionarios en prácticas que realizaron os cursos correspondentes: “Curso de galego para o profesorado en prácticas”. “Formación inicial en igualdade”. E ademais “Igualdade, convivencia e inclusión. Módulo 0.” e “Formación inicial para novos docentes”. A profesora de música fixo un de “ABP e gamificación”.

A coordinadora do EDLG fixo un curso de 10 horas sobre “Ricardo Carvalho Calero”.

Unha profesora de 5º de E. Infantil fixo un curso de “Matemáticas Divertidas” durante o primeiro trimestre.

O profesorado do Departamento de Orientación xa incluíu os cursos que fixeron no apartado da súa memoria.

Hai que dicir que o día 5 de xaneiro nos comunicaron que o noso centro ía participar nun proxecto Erasmus+ KA1 : “Xestión da innovación educativa para á prevención do populismo e o extremismo radical en Europa”, que contaba naquel momento con financiamento europeo. O proxecto consistía en tres viaxes para catro profesores/as para coñecer como traballaban esos temas nos colexios europeos. A primeira saída foi a finais de xaneiro a Cardiff no Reino Unido, á que acudiu a profesora Nuria Mª Pita. A segunda saída sería a mediados de maio a Alemaña e acudirían as profesoras Ana Ayala e Eva Mª Bouza Rey. E a última sería na primeira semana de xuño a Polonia e acudiría a profesora Emma Mª Salgueiro. Todo o proxecto quedou parado a partir do 13 de marzo polo Decreto de Alarma e a suspensión de todas as viaxes e actividades lectivas.

### 4. RELACIÓN COAS FAMILIAS.

- Fíxose unha a principio do curso con todos os grupos do cole. As do final quedaron sen fazer pola suspensión das actividades lectivas. Tamén se fixeron as que cada titor ou titora coidou necesarias de maneira individual ou colectiva mentres duraron as clases presenciais.
- Cos pais/nais do alumnado con algún tipo de dificultades de aprendizaxe ou de conduta, fixérонse varias xuntanzas cos profesores implicados, a orientadora e nalgún caso algún membro do equipo directivo.
- Mantívose boa relación coa directiva da ANPA ao longo do curso.

## MEMORIA FINAL DE CURSO

- Ademais das reunións mantivéronse informados os pais a través de distintos medios: circulares en soporte de papel, información colgada na páxina do colexio, vía teléfono ou a través dos taboleiros do centro.
- Durante o período de confinamento entre o 16 de marzo e ata finais de curso as relacións coas familias foron a distancia, por teléfono, por whassap, a través da páxina web do centro ou por correo electrónico. Dependeu das familias e do profesorado implicado usar unha forma ou outra para comunicarse. Nun primeiro momento os representantes dos pais queixáronse que recibían pouca información do que estaba a suceder de parte do colexio e que non sabíamos usar os medios tecnolóxicos de comunicación por vídeo conferencia con eles nin co alumnado. Pero non podíamos transmitir información da que nin nós mesmos disponíamos, xa que a maioría da información recibida foi a través dos medios de comunicación e moi contraditoria ás veces.

### 5.- RESEÑA ECONÓMICA.

|  |                    |
|--|--------------------|
| • Remanente do ano 2019.....           | 17.330,97 €        |
| • Ingreso Biblioteca Igualdade .....   | 500,00 €           |
| • Ingresos da Consellería de Educación |                    |
| 40% gastos funcionamento.....          | 13.670,00 €        |
| 30% gastos funcionamento.....          | 10.253,00 €        |
| • TOTAL INGRESOS.....                  | <b>41.753,97 €</b> |
| • GASTOS A 30/06/2020.....             | 12.315,54 €        |
| • SALDO NA CONTA BANCARIA.....         | <b>29.438,43 €</b> |

Narón a 30 de xuño de 2020

A Secretaria



Asdo: Emma Mª Salgueiro Veiga.